

VINTE ANOS
DO
TRIBUNAL DE
GARANTÍAS

1999 - 2019

MEMORIA CONMEMORATIVA

Universida de Vigo

VINTE ANOS
DO
TRIBUNAL DE
GARANTÍAS

1999 - 2019

MEMORIA CONMEMORATIVA

Universidade de Vigo

Memoria Conmemorativa
Vinte anos do Tribunal de Garantías (1999-2019)
Universidade de Vigo, 2019

Depósito legal: C 1224/2019



ÍNDICE

PRESENTACIÓN	5
A ORIXE DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS: UNHA INSTITUCIÓN SINGULAR.....	7
MARCO NORMATIVO.....	11
MARCO CONCEPTUAL E FUNCIONAL.....	17
EXPEDIENTES TRAMITADOS.....	21
OUTRAS ACTUACIÓNS.....	67
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	73
COMENTARIO E REFLEXIÓN FINAL	77
ANEXO I. RECOMENDACIÓNS.....	81
ANEXO II. OUTROS DOCUMENTOS.....	89
ANEXO III. INTEGRANTES DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS	103



PRESENTACIÓN

O Tribunal de Garantías (TG) cumpre vinte anos, un acontecemento que merece ser recordado e tamén celebrado. Por iso decidimos levar a cabo diversas iniciativas que nos permitan evocar unha historia, achegarnos a unha institución emblemática e singular dentro do sistema institucional da Universidade de Vigo, e compartir co conxunto da comunidade universitaria a satisfacción e a lelicia de contribuír ao longo destes vinte anos á defensa e á promoción dos dereitos e intereses lexítimos do alumnado, do persoal de administración e servizos (PAS) e do persoal docente e investigador (PDI).

Unha das iniciativas acordadas consistiu, precisamente, na elaboración dunha memoria conmemorativa dos vinte anos do Tribunal de Garantías, que teño o gusto de presentar. O documento estrutúrase en varios apartados, a través dos cales desexamos, en primeiro lugar, dar a coñecer a orixe, a natureza e as funcións atribuídas ao TG polos distintos marcos normativos que o regulan; e, en segundo lugar, informar das actividades levadas a cabo durante estes anos, centradas principalmente na tramitación e resolución de expedientes, na realización de mediacións, consultas e recomendacións, na elaboración de estudos e informes e, finalmente, no fomento das relacións institucionais no ámbito tanto autonómico, como nacional, internacional e transfronteirizo.

O relato de todas estas actuacións vai seguido dun breve comentario que, a modo de balance e recapitulación final, permítenos evocar unha traxectoria e deixar constancia ao mesmo tempo dun compromiso e unha identificación coas obrigas inherentes a esta institución de garantías que foi o TG. Finalmente, inclúense varios anexos que permiten coñecer en detalle algunhas actuacións levadas a cabo polo TG, así como lembrar a todas as persoas que durante estes vinte anos formaron parte del.

Pero a conmemoración deste aniversario ten outro significado que debe ser tamén destacado convenientemente, posto que se dá a circunstancia de que na mesma data que o TG cumpre 20 anos, e como consecuencia da reforma estatutaria levada a cabo nesta universidade, prodúcese a súa desaparición. Por decisión do lexislador, o TG en canto órgano colexiado integrado por representantes de todos os sectores da comunidade universitaria (alumnado, PAS e PDI), deixa



de existir para converterse nun órgano unipersoal, cuxa titularidade corresponderalle a partir de agora a un valedor ou valedora.

Por este motivo, esta celebración ten un sabor agridoce: conmemoramos o nacemento do TG e, ao mesmo tempo, asistimos á súa desaparición. Pero non podemos deixarnos levar pola nostalgia, polo que queremos aproveitar esta conmemoración para expresar a nosa satisfacción polo deber cumprido, ao mesmo tempo que confiamos en que o legado do TG e o seu compromiso en defensa dos dereitos e intereses lexítimos de toda a comunidade universitaria siga informando o día a día da nova defensoría universitaria.

Debido a estas circunstancias, esta memoria supón tamén para o TG o seu último exercicio de transparencia e rendición de contas ante a nosa comunidade universitaria, e ante o conxunto da sociedade, da que formamos parte, e á que temos a obriga de servir e informar.

Axustándome ao reducido límite desta presentación, só me queda agradecer a todas as persoas que formaron parte do TG ao longo destes anos a súa dedicación, profesionalidade e entusiasmo, grazas ao cal foi posible a realización das actuacións recollidas nesta memoria. A todas elas o noso recoñecemento e gratitude. Grazas tamén a todas as persoas que forman parte da nosa comunidade universitaria pola súa comprensión, confianza e apoio reflectido nesas amplas maiorías acadadas nos sucesivos procesos electorais que nos permitiron acceder e exercer o cargo coa máxima lexitimidade democrática.

Argimiro Rojo Salgado

Defensor universitario

Presidente do Tribunal de Garantías



A ORIXE DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS: UNHA INSTITUCIÓN SINGULAR

No ano 1713, o rei Carlos XII de Suecia crea a oficina do procurador supremo (*Högste Ombudsmännen*), cuxa tarefa fundamental consistía en supervisar a actuación do conxunto da administración estatal desde o punto de vista do cumprimento da legalidade. Un século máis tarde, a Constitución de 1809 dese mesmo país implanta a figura do *Justitieombudsman*¹, independizándoo da Coroa e do Goberno e converténdoo nun delegado do Parlamento encargado de vixiar o funcionamento da administración e a observancia da legalidade por parte dos servidores públicos.

Contando con estes precedentes, numerosos países van adoptando esta institución que a partir principalmente da segunda metade do século pasado experimenta unha extraordinaria difusión, circunstancia esta que levou a algúns autores a falar dun auténtico fenómeno de ombudsmanía ao longo e ancho do planeta. España non foi allea a aquel proceso, e coincidindo no tempo coa implantación da institución en países da súa contorna (Francia, Italia ou Portugal), a idea do *ombudsman* chega ao noso país como unha consecuencia máis da transición política cara á democracia, incorporándose ao noso sistema político a través da Constitución de 1978 baixo a denominación tan eufónica de *Defensor del Pueblo*.

Do mesmo xeito que noutros países, e coa finalidade principal de extraer ao máximo todas as potencialidades garantistas inherentes a esta institución, aos poucos vanse creando outros *ombudsmen* de ámbito e competencia tanto autonómica como local e sectorial. Conséguese así reforzar, pola vía da proximidade e a especialización, os mecanismos de defensa e protección respecto á vixencia do estado de dereito consagrado no ordenamento constitucional.

É neste contexto, e ao amparo da autonomía universitaria consagrada na *Lei de reforma universitaria* (LRU) de 1983, no que debemos situar a aparición da figura do defensor universitario. A

¹ A palabra sueca *ombud* refírese a unha persoa habilitada para actuar como voceiro ou representante de outra. Por outra parte, o termo *ombudsman*, que acabou por impoñerse en moitas partes do mundo, adoita traducirse por representante, tramitador, mediador ou tamén defensor.

partir desa data varias universidades españolas van incorporando esta figura ao seu organigrama institucional, ben por vía estatutaria, regulamentaria ou por acordos dos órganos académicos.

Ao longo de 1985 van aparecendo as primeiras defensorías. A primeira en facelo é a da Universidade Complutense de Madrid (1985), que se caracteriza por constituír nesa primeira etapa un defensor só do estudantado, para máis adiante facelo extensivo a todos os sectores da comunidade universitaria. A Universidade de Granada foi a segunda en incluír nos seus estatutos a institución do defensor universitario (1985), coa regulación máis completa e pormenorizada da primeira etapa estatutaria da década dos oitenta; virán despois as universidades de León, Barcelona e Valencia.

Na década dos noventa créanse 18 novas defensorías, entre elas as do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Primeiro será a Universidade de Santiago de Compostela (1996), despois a da Coruña (1998) e un ano máis tarde a de Vigo (1999).

É así como, aos poucos, as universidades do noso país, a través da súa norma institucional básica, van incorporando ao seu sistema institucional a figura do defensor. Anos máis tarde, e aproveitando a circunstancia da elaboración dunha nova lei universitaria (a que finalmente se convertería na Lei orgánica de universidades 6/2001 do 21 de decembro), os defensores universitarios levaron a cabo unha ofensiva encamiñada a conseguir a inclusión da figura na futura lei. O froito desta mobilización –xunto con outros apoios chegados desde o ámbito académico, político e social- quedou reflectido na aprobación da disposición adicional décimo cuarta do texto legal, que establece este órgano con carácter obrigatorio no sistema universitario español, e que di así:

“Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento”

O liderado desempeñado en todo aquel proceso polo entón presidente do Tribunal de Garantías, Luís Espada, foi decisivo. Á fronte da primeira Comisión Permanente soubo integrar e axuntar esforzos e dotar dunha incipiente organización ao conxunto de defensores universitarios de España. El mesmo encargouse de redactar o borrador do texto que ao cabo foi asumido polo lexislador e incorporado literalmente á redacción da citada disposición adicional.

Tras a aprobación da LOU, as defensorías universitarias convértense en obrigatorias para todas as universidades españolas, incluíndo as privadas. A día de hoxe pódese afirmar que esta institución non só se atopa xa plenamente consolidada e institucionalizada no conxunto do sistema



universitario español, senón que constitúe ademais un factor fundamental para o logro da súa boa gobernanza. E a iso contribuíu de maneira destacada a Universidade de Vigo a través do impulso e entusiasmo achegado polo Tribunal de Garantías ao longo destes vinte anos.

Como xa se dixo anteriormente, o Tribunal de Garantías créase no ano 1999. Concretamente, foi na sesión do Claustro celebrada o 23 de abril dese mesmo ano cando se elixiu o primeiro Tribunal de Garantías e aprobouse o seu regulamento interno². Uns días máis tarde, o 27 de abril, o entón reitor da Universidade de Vigo, Domingo Docampo, nomeou a Luís Espada primeiro presidente da institución.

A diferenza do resto de universidades do estado español, que optaron por un modelo de defensoría unipersonal, os Estatutos da Universidade de Vigo encomendan esta función a un órgano colexiado, considerado como comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos e intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. O devandito tribunal é elixido polo Claustro entre todos os integrantes da comunidade universitaria, por unha maioría de 2/3 e para un período de catro anos (agás no caso dos representantes do alumnado que é de dous), con posibilidade dunha reelección consecutiva. Está integrado por nove membros: o defensor universitario que o preside, dous representantes do profesorado funcionario doutor, dous representantes do resto do persoal docente e investigador, dous representantes do alumnado e dous representantes do persoal de administración e servizos.

Aquí radica, precisamente, a singularidade do Tribunal de Garantías en comparación co resto das defensorías universitarias do estado español. Unha singularidade que, polo menos nalgúns aspectos, supoñía tamén unha fortaleza e un trazo distintivo que outorgaba á institución un sinal inconfundible e tamén un valor engadido. Os seus vinte anos de historia dan fe de todo iso.

² Este regulamento foi substituído polo que está en vigor actualmente, aprobado polo Claustro Universitario o 10 de novembro de 2004.



MARCO NORMATIVO

O fundamento do Tribunal de Garantías é a figura do defensor/a universitario, regulada na LOU, e a do comisionado/a universitario, na LSUG

■ **Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades**

Disposición adicional decimo cuarta

Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades do profesorado, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e de autonomía.

Corresponderalles aos estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

- **Artigo 46.2.H**

Nos termos establecidos polo ordenamento xurídico, o estudantado terá dereito [...] Á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos adecuados e, se é o caso, a actuación do defensor universitario.

■ **Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia**

- **Artigo 90. O comisionado universitario ou comisionada universitaria**

1. De conformidade co previsto na lexislación orgánica de universidades, cada unha das universidades integrantes do SUG establecerá, na súa estrutura organizativa, a figura do comisionado universitario ou da comisionada universitaria, que terá a misión de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos de goberno e servizos universitarios.

2. As actuacións do comisionado universitario ou da comisionada universitaria, sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e rexeranse polos principios de independencia e de autonomía. Corresponderá aos estatutos de cada universidade pública e ás normas de organización e de funcionamento, no caso de universidades privadas, establecer o procedemento para a súa elección ou designación, a duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.

■ Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro)

Título V. Das garantías xurídicas

• Artigo 141

O TG é o comisionado do Claustro Universitario para defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade da administración universitaria e darlle conta ao Claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

• Artigo 142

O TG está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que se lle presente, na cal se denuncie o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

• Artigo 143

1. O TG, elixido no Claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á universidade.
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente; no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.

4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a ningún mandato imperativo.

5. Un regulamento aprobado polo Claustro fixará o funcionamento do Tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do TG serán adoptadas pola maioría dos votos dos e das asistentes ás reunións, e o voto de calidade do presidente/a resolverá os empates.

6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo TG.

• Artigo 144

Os membros do TG cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do TG, cando así o acorde o Claustro por maioría absoluta.

• Artigo 145

O TG, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Exixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para cumprir os seus fins.
- b) Enviarlle informes ao Claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
- e) Propoñerlle ao Claustro un voto de censura contra o/a titular dun órgano unipersonal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

■ Regulamento do TG (claustro universitario do 10/11/2004)

Capítulo I. Disposicións xerais

1. O TG é o comisionado da Universidade de Vigo para defender e protexer os dereitos e os intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria, e a súa finalidade fundamental é contribuír ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexe-

rase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do Claustro, e polas normas deste regulamento.

Capítulo II. Competencias e garantías no exercicio do cargo

2. Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

3. No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos/ás responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos/ás responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou os problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

4. A condición de membro do TG é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da universidade.

5. Todos os órganos de goberno e todos os membros da comunidade universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de autoridade, e non poderá negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e ás liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

6. O TG poderá delegar no seu presidente/a o desenvolvemento dos asuntos de trámite que considere oportunos e dará conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

Capítulo III. Procedemento das actuacións de mediación e de conciliación

7.1. Todo pedimento de mediación ao TG realizarase mediante un escrito, no cal conste con claridade o motivo e o alcance da pretensión que se formula, os nomes das persoas solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a cando se recibise un escrito de pedimento de mediación, o presidente/a do TG trasladarállelo a todos os sectores implicados solicitando unha contestación escrita na cal se manifeste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise unha contestación negativa na oficina do TG, entenderase que a mediación foi aceptada.

8. Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o TG poderá iniciar calquera investigación ou actuación para solucionar os desacordos e os enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

9.1. O presidente do TG comunicaralles por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos en que as fundamentan.

9.2. Unha vez concluído o prazo precedente, o presidente/a do Tribunal de Garantías convocará os sectores implicados a unha sesión conxunta en que se intentará a conciliación, informará e razoará sobre as alegacións que se formulen e propondrá fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e os acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que asinará o TG e os sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

Capítulo IV. Procedemento na tramitación de queixas e de reclamacións

10. As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre as materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais coma colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses desde que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

11. As queixas ou as reclamacións dirixiranse ao presidente/a do Tribunal, e deberanse presentar no rexistro que se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da universidade. Nestas farase constar as xestións realizadas previamente perante a administración universitaria, e achegarase a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou a reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura da(s) persoa(s) interesada(s), os números do DNI e o enderezo postal para os efectos de notificacións.

12.1. O TG, nun prazo máximo de quince días, contestará motivadamente respecto de se admite ou non a trámite as queixas ou as reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo do informe da Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e as que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, enviaráselles ás persoas interesadas a motivación que fundamentou a non-admisión. O anterior non impedirá, non obstante, a investigación sobre os problemas xerais suscitados polas citadas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentaralle un informe ao reitor/a para que tome as medidas axeitadas para restablecer a situación perturbada.

12.3. O TG comunicaralles as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes e solicitaralles que nun prazo de quince días dende a súa recepción lle comuniquen ao devandito tribunal se aceptan ou non a recomendación.

Capítulo V. Nomeamentos e cesamentos

13. O presidente/a convocará o Tribunal, cunha antelación mínima de 72 horas á celebración da sesión, e poderá convocarse con menor antelación cando haxa algunha razón urxente que o xustifique.

14. O Tribunal constituirase coa asistencia da maioría absoluta dos seus membros, e deberá contar sempre coa presenza do presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, das persoas que

os substitúan. As decisións do mencionado órgano serán adoptadas pola maioría dos votos das persoas asistentes á reunión e o voto cualificado do presidente/a dirimirá os posibles empates.

15. O Tribunal nomeará un vicepresidente/a e un secretario/a de entre os seus membros.

16. Os membros do Tribunal elixiranse por un período de catro anos, agás os representantes do alumnado, que o serán por dous. En ambos os casos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

17. No caso de que cesase algún dos membros do Tribunal antes da expiración do prazo do seu nomeamento, a súa baixa será provista polo Claustro, o máis axiña posible, mediante unha nova elección, na forma establecida nos estatutos.

Capítulo VI. Apoio institucional do exercicio do cargo

18. O TG terá a súa sede nun local diferente do que habitualmente estea o equipo reitoral e no cal se establecerá o rexistro para presentar as queixas e as reclamacións. En calquera caso, non se localizará en ningún centro ou sede departamental.

19. A universidade deberá facilitarlle ao TG o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.

20. A dotación económica necesaria para o funcionamento do TG incluírase no orzamento da Universidade de Vigo.

21. A figura do presidente/a do TG equipararase para os efectos económicos, protocolarios e de exención docente á de vicerreitor/a.

Capítulo VII. Disposicións finais

22. As decisións e as propostas do Tribunal non serán susceptibles de recursos.

23. A iniciativa para a reforma do presente regulamento requirirá o acordo da maioría dos membros do TG ou a do Consello de Goberno ou a do Claustro. A súa aprobación corresponde-lle ao Claustro.

24. Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro, e quedarán derrogadas todas as normas que se opoñan ao presente regulamento.



MARCO CONCEPTUAL E FUNCIONAL

A normativa reguladora do TG permite trazar o perfil deste órgano: unha institución de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

- O TG participa dos atributos da figura do *ombudsperson* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que os seus membros:
 - Teñen plena autonomía e independencia de criterio.
 - Non se suxeitan a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditar-lles instrucións).
 - Son titulares das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non poden ser expedientados nin sancionados polas opinións que emitan nin polos actos que realicen durante o seu mandato ao exercer as competencias propias do cargo).
- O TG non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.
- Tal e como se indica no artigo 141 dos Estatutos da Universidade de Vigo, na súa condición de comisionado do Claustro encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria, o TG pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralas. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a nin-

gún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.

- Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións do TG, cómpre definilo en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas que se teñen sobre el.

O TG non é

- **un órgano xurisdiccional**, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable
- **unha xestoría** que coida ou promove asuntos e intereses diversos
- **un avogado/a de oficio** para atender todos os casos que se susciten
- **un órgano executivo nin disciplinario** con potestade sancionadora

- Para cumprir coas competencias que ten encomendadas, o TG incoa expedientes, solicita informes, realiza consultas, concerta entrevistas, media entre as partes en conflito, elabora recomendacións, etc.

- De xeito esquemático pódese concluír que a súa contribución se concreta principalmente a través de tres modalidades de actuación:

- Supervisar, comprobar e inspeccionar o funcionamento da administración universitaria, facendo que se cumpra a normativa e se respecten os dereitos, as liberdades e os intereses lexítimos das persoas
- Mediar entre as partes a fin de construír canles de comunicación e diálogo, facilitar avinzas e acordos, e previr, desactivar ou resolver conflitos. Unha actividade consubstancial coas súas características (*auctoritas*, prestixio, independencia, fiabilidade, coñecemento ...)
- Propoñer e promover, a través de recomendacións e suxestións, cambios e melloras. Estas poden estar ou non conectadas coas queixas, e constitúen en todo caso unha pretensión que se quere ver satisfeita

- **Outras competencias e actuacións:**

- Funcións consultivas e/ou asesoramento
- Iniciativas de difusión e pedagogía de dereitos, valores, códigos e boas prácticas
- Elaboración de estudos e informes
- Construción de opinión pública
- Competencias sectoriais (igualdade de xénero, transparencia ...)
- De todas estas actuacións, e a través dun exercicio de transparencia e rendición de contas, informarase anualmente ao claustro




■ O conxunto destas actuacións caracterízase por:

- A visibilidade, a accesibilidade e a gratuidade
- A inmediatez, a axilidade e a ausencia de formalismos
- A imparcialidade, a neutralidade e a confidencialidade
- O bo xuízo, a xustiza e o humanismo
- A racionalidade, o coñecemento e a información
- A transparencia, a publicidade e a rendición de contas
- A través da súa fiabilidade e proximidade, o TG contribúe a cambiar a actitude a miúdo pasiva, temerosa e de desconfianza das persoas, estimulando e reforzando a súa dignidade e autoestima.



EXPEDIENTES TRAMITADOS (1999-2018)



Cadros resumo de expedientes

ANO 1999

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
1/99	alumnado	Revisión de cualificación	21/12/1998	02/06/1999
2/99	alumnado	Revisión de exame	19/02/1999	13/05/1999
3/99	alumnado	Anulación de materia de libre configuración	23/02/1999	13/05/1999
4/99	alumnado	Norma sancionadora polo atraso na devolución de libros na biblioteca	03/03/1999	27/10/1999
5/99	alumnado	Práctica dunha materia	08/03/1999	28/10/1999
6/99	non comunidade universitaria	Oposición corpo auxiliares	15/03/1999	16/06/1999
7/99	alumnado	Revisión de exame	22/03/1999	23/07/1999
8/99	alumnado	Matrícula materia con convocatorias esgotadas	28/03/1999	14/02/2000
9/99	PAS	Lista agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
10/99	non comunidade universitaria	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	16/06/1999
11/99	PAS	Lista agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
12/99	non comunidade universitaria	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	16/06/1999
13/99	PAS	Lista agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
14/99	non comunidade universitaria	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	16/06/1999
15/99	sen datos	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	02/11/1999
16/99	PAS	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
17/99	PAS	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
18/99	non comunidade universitaria	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	16/06/1999
19/99	non comunidade universitaria	Listas agarda auxiliares administrativos	30/03/1999	21/07/1999
20/99	alumnado	Revisión de exame	09/04/1999	13/07/1999
21/99	alumnado	Revisión de exame	09/04/1999	13/07/1999
22/99	alumnado	Perda de exame	26/04/1999	18/06/1999
23/99	alumnado	Perda de exame	30/04/1999	18/06/1999
24/99	PAS	Listas agarda auxiliares administrativos	30/05/1999	21/07/1999
25/99	alumnado	Responsabilidade por perda de exame	04/05/1999	20/05/1999
26/99	alumnado	Responsabilidade por perda de exame	06/05/1999	
27/99	alumnado	Responsabilidade por perda de exame	04/05/1999	18/06/1999
28/99	PDI	Nomeamento PDI	11/05/1999	09/06/1999
29/99	alumnado	Responsabilidade por perda de exame	14/05/1999	18/06/1999
30/99	non comunidade universitaria	Proposta de provisión de praza de PDI	26/05/1999	16/06/1999
31/99	PDI	Non contestación á petición de nulidade dun Consello de Departamento	28/05/1999	25/01/2000



Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
32/99	alumnado	Concorrenza de exames oficiais finais	31/05/1999	16/06/1999
33/99	PAS	Celebración dunha misa na celebración do patrón dun centro (arquivo)	31/05/1999	28/10/1999
34/99	alumnado	Validación de materia	01/07/1999	22/07/1999
35/99	alumnado	Irregularidades no encargo de docencia en materias dun Centro	02/07/1999	07/09/1999
36/99	alumnado	Convocatoria tribunais materia	02/07/1999	03/08/1999
37/99	alumnado	Non inclusión da nota nunha acta	02/07/1999	08/07/1999
38/99	PDI	Praza profesor titular	06/07/1999	07/09/1999
39/99	PDI	Praza profesor titular	06/07/1999	07/09/1999
40/99	PDI	Aplicación da normativa dos proxectos FEDER	06/07/1999	07/09/1999
41/99	alumnado	Revisión de exame	09/07/1999	28/10/1999
42/99	PAS	Aparcamento do equipo de goberno	26/07/1999	04/11/1999
43/99	alumnado	Criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados	28/07/1999	03/11/1999
44/99	alumnado	Peche dun Centro no mes de agosto (arquivo)	04/08/1999	28/10/1999
45/99	PAS	Obras no campo de rugby (desistiu)	06/09/1999	13/09/1999
46/99	alumnado	Exame de materia e solicitude de traslado de expediente	06/09/1999	30/09/1999
47/99	PDI	Avaliación de méritos docentes e dereitos económicos	23/09/1999	27/10/1999
48/99	PDI	Actuación tribunal	14/09/1999	17/11/1999
49/99	PAS	Prazas de nivel 25 / Falta contestación r. reposición	17/09/1999	22/10/1999
50/99	PDI	Normas de organización docente e contratación profesorado	20/09/1999	31/05/2000
51/99	alumnado	Revisión de exame	13/10/1999	23/02/2000
52/99	alumnado	Revisión de exame	25/10/1999	08/02/2000
53/99	non comunidade universitaria	Praza de profesor visitante	03/11/1999	18/11/1999
54/99	alumnado	Falta de profesorado en clases lectivas	04/11/1999	11/02/2000
55/99	alumnado	Validación de créditos	05/11/1999	22/11/1999
56/99	alumnado	Adaptación de materias	15/11/1999	09/02/2000
57/99	PDI	Conflito entre profesores	15/11/1999	08/02/2000
58/99	PDI	Recoñecemento de actividade investigadora	19/11/1999	16/03/2000
59/99	alumnado	Utilización do ximnasio de campus universitario	19/11/1999	20/01/2000
60/99	PDI	Actuación do Tribunal de Garantías	29/11/1999	21/12/1999
61/99	PDI	Conflito entre profesores	09/12/1999	24/04/2000
62/99	PDI	Pedimento de nulidade do nomeamento dun profesor	09/12/1999	21/12/1999
63/99	PDI	Validación de materias	21/12/1999	12/01/2000
64/99	alumnado	Validación de créditos de libre configuración	27/12/1999	09/02/2000



ANO 2000

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
1/00	alumnado	Realización de exames: convocatoria de decembro	10/01/2000	18/01/2000
2/00	alumnado	Problemas de docencia	14/01/2000	22/03/2000
3/00	alumnado	Denegación de bolsa	07/02/2000	21/03/2000
4/00	PAS	Provisión de prazas	10/02/2000	22/03/2000
5/00	PDI	Denegación do complemento específico de quinquenios	11/02/2000	23/02/2000
6/00	PDI	Desocupación duns espazos para a realización de obras	21/02/2000	16/03/2000
7/00	alumnado	Realización de exames	21/02/2000	21/02/2000
8/00	alumnado	Incumprimento das obrigas do PDI (entregas actas en prazo)	21/02/2000	21/02/2000
9/00	alumnado	Matrícula de materias extinguidas/anulación de cualificacións	24/02/2000	24/02/2000
10/00	PAS	Trato degradante	07/03/2000	22/03/2000
11/00	alumnado	Convocatoria de prazas de profesorado	08/03/2000	15/05/2000
12/00	alumnado	Denegación de bolsa de estudos	16/03/2000	22/03/2000
13/00	PDI	Problemas de docencia	17/03/2000	11/04/2000
14/00	alumnado	Validación de créditos	24/03/2000	27/04/2000
15/00	alumnado	Bolsas predoutorais	13/04/2000	13/12/2000
16/00	alumnado	Revisión de exame	05/05/2000	19/06/2001
17/00	PDI	Prazas profesor asociado	11/05/2000	21/07/2000
18/00	PDI	Prazas profesor asociado	24/05/2000	21/07/2000
19/00	PDI	POD	24/05/2000	31/05/2000
20/00	alumnado	Docencia dunha materia	30/05/2000	17/11/2000
21/00	alumnado	Non comparecencia do docente nun exame final	21/06/2000	04/07/2000
22/00	PDI	Indefensión pola denegación dunha publicación	29/06/2000	20/07/2011
23/00	alumnado	Revisión de exame	08/09/2000	21/03/2001
24/00	PDI	Denegación de quinquenios	14/09/2000	31/10/2000
25/00	alumnado	Trato degradante por parte de docentes	27/09/2000	13/11/2000
26/00	PDI	Non renovación de contratos	28/09/2000	17/11/2000
27/00	PDI	Non renovación de contratos	28/09/2000	17/11/2000
28/00	PDI	Non renovación de contratos	28/09/2000	17/11/2000
29/00	alumnado	Validación de créditos de libre configuración	27/10/2000	07/11/2010
30/00	alumnado	Normativa de cambio de plano de estudos	06/11/2000	07/11/2000
31/00	alumnado	Repetición de exame/nota de materia	13/11/2000	07/11/2000
32/00	PDI	Prazas de profesor asociado	15/11/2000	24/01/2001
33/00	PDI	Irregularidades no funcionamento dun departamento	15/11/2000	18/12/2000
34/00	alumnado	Cualificación de exame	16/11/2000	09/03/2001
35/00	alumnado	Prazo de entrega de actas	28/11/2000	04/12/2000
36/00	PDI	Avaliación docente	29/11/2000	19/12/2000
37/00	alumnado	Baremo de bolsas de colaboración	01/12/2000	11/12/2000
38/00	alumnado	Non emisión parte/Impartición de clases	12/12/2000	13/07/2001
39/00	alumnado	Revisión de exame	15/12/2000	18/09/2001
40/00	PDI	Proceso de selección de profesorado invitado	15/12/2000	13/02/2001
41/00	alumnado	Revisión de exame	29/12/2000	23/02/2001

ANO 2001

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
1/01	alumnado	Revisión de exame	11/01/2001	25/05/2001
2/01	alumnado	Ofensas durante unha campaña electoral	07/02/2001	01/03/2001
3/01	PDI	Avaliación docente	12/02/2001	07/03/2001
4/01	alumnado	Validación de materias	14/02/2001	08/03/2001
5/01	alumnado	Validación de materias	14/02/2001	08/03/2001
6/01	non comunidade universitaria	Provisión de praza de profesorado invitado	16/02/2001	08/03/2001
7/01	alumnado	Irregularidades na realización dun exame	19/02/2001	-
8/01	non comunidade universitaria	Cesamento de profesorado interino	09/03/2001	06/04/2001
9/01	alumnado	Corrección dun exame	03/04/2001	25/04/2001
10/01	PDI	Recoñecemento de honorarios con carácter retroactivo	06/04/2001	25/04/2001
11/01	alumnado	Validación de cursos	10/05/2001	25/05/2001
12/01	PDI	Solicitud de ano sabático	15/05/2001	13/06/2001
13/01	PDI	Concesión de quinquenio	22/06/2001	13/07/2001
14/01	PDI	Denegación de curso de extensión universitaria	06/07/2001	18/12/2001
15/01	PDI	Cofinanciamento de proxectos de investigación	10/07/2001	01/03/2002
16/01	alumnado	Revisión de exame	11/07/2001	18/09/2002
17/01	alumnado	Cualificación final	30/07/2001	19/10/2001
18/01	alumnado	Cualificación final	05/09/2001	06/06/2002
19/01	PDI	Anomalías no funcionamento dunha mutua	15/10/2001	04/12/2001
20/01	alumnado	Cambio de plano de estudos/avaliación curricular	23/10/2001	29/11/2001
21/01	alumnado	Reclamación de actas dun programa de doutoramento	09/11/2001	04/12/2001
22/01	alumnado	Reclamación de nota	09/11/2001	21/02/2002
23/01	alumnado	Xestión de centros	20/11/2001	29/11/2001
24/01	PDI	Condicións no ensino	17/12/2001	26/12/2001

ANO 2002

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peché
1/02	alumnado	Validación Erasmus	08/01/2002	07/05/2002
2/02	alumnado	Matrícula terceiro ciclo	07/02/2002	21/02/2002
3/02	alumnado	Funcionamento da residencia universitaria	07/02/2002	21/02/2002
4/02	alumnado	Revisión de exame	07/02/2002	24/10/2002
5/02	PDI	Prazas do persoal laboral temporal	01/03/2002	25/03/2003
6/02	alumnado	Cursos dos programas de doutoramento	05/03/2002	13/05/2002
7/02	alumnado	Avaliación curricular	20/03/2002	12/11/2002
8/02	PDI	Méritos docentes	23/04/2002	12/06/2002
9/02	alumnado	Revisión de exame	24/04/2002	31/07/2002
10/02	alumnado	Vulneración dos dereitos da comunidade universitaria	14/05/2002	22/05/2002
11/02	alumnado	Avaliación curricular	31/05/2002	22/01/2003
12/02	PDI	Cambio a outra Xunta de Escola	01/07/2002	22/07/2002
13/02	PDI	Denegación do complemento docente específico	01/07/2002	18/09/2002
14/02	alumnado	Cualificación de materia	01/07/2002	04/10/2002
15/02	alumnado	Revisión de exame	11/06/2002	31/07/2002
16/02	alumnado	Revisión de exame	19/07/2002	03/10/2002
17/02	alumnado	Copia nun exame	18/09/2002	21/10/2003
18/02	alumnado	Revisión de exame e traballo	26/09/2002	12/05/2003
19/02	alumnado	Revisión de exame	08/10/2002	23/10/2002
20/02	alumnado	Matrícula en materias de planos de estudos en extinción	11/10/2002	25/10/2002
21/02	alumnado	Matrícula en materias de planos de estudos en extinción	18/10/2002	25/10/2002
22/02	alumnado	Matrícula en materias de planos de estudos en extinción	18/10/2002	25/10/2010
23/02	alumnado	Matrícula en materias de planos de estudos en extinción	18/10/2002	25/10/2002
24/02	alumnado	Cambio do calendario oficial	06/11/2002	17/03/2003
24/bis	alumnado	Modificación da cualificación dunha materia	12/12/2002	22/01/2003
25/02	alumnado	Recoñecemento de créditos de libre elección	14/11/2002	10/12/2002
26/02	alumnado	Revisión da cualificación dunha materia	28/11/2002	27/12/2002
27/02	PDI	Resultados das enquisas de avaliación docente	20/12/2002	30/05/2003

ANO 2003

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
1/03	PAS	Cambio de réxime de relación contractual	13/01/2013	04/02/2003
2/03	PDI	Resultados das enquisas de avaliación docente	14/01/2003	22/01/2003
3/03	alumnado	Validación de curso de perfeccionamento	03/02/2003	11/03/2003
4/03	PDI	Acusación de alumnado	12/02/2003	08/04/2003
5/03	alumnado	Bolsas de enquisa de avaliación docente	24/02/2003	20/05/2003
6/03	PDI	Acusación de alumnado	04/03/2003	11/03/2003
7/03	PDI	Pedimento de amparo	04/03/2003	06/05/2003
8/03	alumnado	Irregularidades na realización dun curso	18/03/2003	20/05/2003
9/03	PAS	Responsabilidade na tramitación dun gasto	20/03/2003	11/11/2003
10/03	alumnado	Revisión dun exame e dun traballo	08/04/2003	06/05/2003
11/03	PDI	Pedimento de amparo	10/04/2003	25/06/2003
12/03	alumnado	Revogación dos requisitos da convocatoria das bolsas predoutorais	14/05/2003	23/09/2003
13/03	alumnado	Solicitude de resposta a un trámite de alegacións	04/06/2003	16/06/2003
14/03	PDI	Reparto da carga docente	08/07/2003	16/07/2003
15/03	alumnado	Solicitude de bolsa	10/07/2003	30/07/2003
16/03	alumnado	Revisión de exame	22/07/2003	03/12/2003
17/03	alumnado	Avaliación curricular	03/10/2002	31/07/2003
18/03	PDI	Amparo polas actuacións dun Consello de Departamento	28/07/2003	26/12/2003 15/12/2004
19/03	alumnado	Avaliación curricular	21/08/2003	23/09/2003
20/03	PDI	Concurso profesorado contratado	03/09/2003	26/11/2003
21/03	alumnado	Matrícula fóra de prazo	08/09/2003	01/12/2003
22/03	alumnado	Revisión de exame	15/10/2003	05/12/2003
23/03	alumnado	Revisión de exame	20/10/2003	17/12/2003
24/03	alumnado	Revisión de exame	23/10/2003	16/12/2003
25/03	alumnado	Revisión de cualificación	03/12/2003	17/12/2003



ANO 2004

Núm.	Colectivo	Asunto	Inicio	Peche
1/04	alumnado	Nota do proxecto fin de carreira	22/01/2004	22/01/2004
2/04	alumnado	Revisión de exame	19/02/2004	26/03/2004
3/04	alumnado	Amparo polo trato na Biblioteca	24/11/2003 12/02/2004	26/03/2004
4/04	alumnado	Recurso de alzada contra a desestimación de revisión da cualificación dun exame	18/03/2004	11/05/2004
5/04	alumnado	Revisión de exame	23/03/2004	15/06/2004
6/04	PDI	Amparo ante a actuación dunha vicerreitoría e a reitoría en relación con proxectos de investigación	23/03/2004	26/04/2004
7/04	alumnado	Revisión de exame	25/03/2004	21/05/2004
8/04	PDI	Solicitude de delegación da xestión económica dun proxecto de investigación	03/05/2004	16/09/2004
9/04	alumnado	Solicitude de concesión de ampliación de matrícula	10/05/2004	16/06/2004
10/04	PAS	Proceso de selección para un traballo	02/06/2004	08/06/2006
11/04	alumnado	Falta de contestación do decano ao recurso de cualificación do proxecto fin de carreira	07/06/2004	29/07/2004
12/04	alumnado	Revisión da cualificación dun exame	15/06/2004	18/11/2004
- Proposta de elaboración dun protocolo sobre o acoso escolar que recolla todas as actuacións pertinentes, de carácter proactivo (medidas preventivas, que se anticipen aos posibles casos) ou reactivo (medidas correctoras, aplicables unha vez que a situación xa se produciu e que teñen a finalidade de resolvela), así como tamén o procedemento que permita tramitar e resolver as denuncias presentadas polas vítimas ou por persoas coñecedoras da situación.
- Sobre os criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva, para que estes criterios sexan estables e permanentes cando poidan dar lugar a varias convocatorias sucesivas.
- Conciliación da vida familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo. Propoñemos que se afonde no desenvolvemento e na aplicación de medidas e de estratexias para facilitar que o cadro de persoal poida compatibilizar o traballo coa vida familiar e persoal. En concreto, recomendamos que se teña en conta a conciliación familiar na adxudicación temporal de prazos.
- Mellorar a difusión dos recursos e dos programas da Universidade de Vigo para facer fronte a problemas de discapacidade.

No Anexo I, e a modo de exemplo, reproducense na súa totalidade algunhas das recomendacións referidas a temáticas de especial relevancia.

■ Estudos, publicacións e informes

Considerando que as defensorías universitarias non deberían limitarse á mera xestión do conflito ou á supervisión do funcionamento do sistema universitario, senón que deberían tamén converterse en laboratorios e centros de estudo respecto da función do *ombudsperson*, así como de aqueles conceptos clave que lle son inherentes (conflito, consenso, valores democráticos, dereitos, gobernanza, mediación, negociación...), o TG soubo converter a profesión e a tarefa encomendada en obxecto de estudo, investigación e debate permanente, organizando ou participando en congresos, xornadas técnicas, seminarios, etc. Diso dan fe innumerables estudos, informes e publicacións realizadas ao longo destes anos.

Algúns destes estudos, publicados polo Consello Social e distribuídos a todas as universidades españolas, serviron para dar a coñecer os puntos de encontro e as diverxencias existentes entre elas. Foron os primeiros e únicos estudos de que dispuxeron todas as defensorías universitarias:

- *Análisis de los conflictos originados en las universidades españolas. Propuestas de solución*
- *Normativa de permanencia y de evaluación por compensación de las universidades españolas. Punto de encuentro y divergencias*
- *Análisis del rendimiento académico del alumnado. Evaluación curricular o por compensación. Otra forma de calificación académica*
- *Valoración de la asistencia a clases lectivas y entrega de copias de exámenes en las universidades españolas (español e inglés)*
- *El Defensor de la institución universitaria /The Ombudsmen for spanish higher education institutions*
- *Estudio del grado de satisfacción del alumnado con la universidad*
- *Aproximación a la institución del Defensor Universitario: el caso español*
- *Consideraciones sobre la gobernanza en el Informe de expertos para la reforma universitaria*
- *Contribución del Defensor Universitario a la transparencia y buen gobierno*
- *La institución del Defensor Universitario en España: Balance y perspectivas de futuro*
- *Reflections and Proposals on creating a Worldwide Network of University Ombudsmen*
- *La institución del Defensor Universitario*
- *Reflexiones y propuestas relativas al asociacionismo de las defensorías universitarias: el caso de la Red Iberoamericana de defensorías universitarias (RIdDU)*



Outros estudos centráronse exclusivamente na Universidade de Vigo, aínda que as técnicas e métodos operativos eran extensibles a calquera outra universidade, polo que tamén foron enviadas ás demais defensorías universitarias:


- *Estudo sobre a transición do alumnado da Universidade de Vigo ao traballo. Aplicación á Universidade de Vigo (galego, español)*
- *Estudo sobre a experiencia académica dos estudantes internacionais na Universidade de Vigo (galego, español)*
- *A experiencia académica do alumnado da Universidade de Vigo en programas de mobilidade internacional (galego, español)*



RELACIONES INSTITUCIONAIS

Ademais das modalidades de actuación descritas anteriormente, o Tribunal de Garantías levou a cabo ao longo destes anos outro tipo de actividades esixidas tanto pola natureza e funcións do propio tribunal, como polo contexto espacial e temporal onde ditas funcións teñen que desenvolverse. Cabe mencionar neste apartado aquelas actividades que deben encadrarse dentro do ámbito das relacións institucionais e da actividade exterior. O conxunto destas actuacións estiveron encamiñadas, por unha parte, a mellorar a imaxe do TG e tamén da Universidade de Vigo no exterior e, por outra, a reforzar a cooperación tanto a escala nacional como internacional, posibilitando así unha maior información, un traballo en rede e unhas sinerxías que nos permitan ser mellores no desempeño do noso oficio de defensores dos dereitos e intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria.

No marco destas relacións institucionais e acción exterior, o TG foi incorporándose a distintas organizacións tanto de ámbito autonómico, como transfronteirizo, estatal, europeo, iberoamericano e internacional, mantendo no marco de todas elas unha presenza activa. Entre as entidades ás que pertence o TG é preciso destacar as seguintes:



■ Rede de Defensores Universitarios de Galicia (Reduga)

Esta rede creouse en 2013 para potenciar as relacións entre as tres defensorías universitarias galegas. Dende entón os seus titulares mantiveron frecuentes encontros para tratar os asuntos que afectan ao conxunto do sistema universitario de Galicia (SUG). Tamén levaron a cabo reunións con outros órganos do SUG (CIUG, Consellería de Educación, etc.).

Cómpre subliñar tamén os contactos mantidos coa oficina do Valedor do Pobo da nosa comunidade, coa finalidade de mellorar as relacións coa citada institución. Estes contactos concretáronse na formalización dun convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e a REDUGA, asinado o 28 de maio de 2014 na sede do Valedor do Pobo. A aplicación deste convenio fai posible, entre outras vantaxes e prestacións, que:

- cando o Valedor do Pobo reciba algunha queixa ou reclamación referida a unha das universidades, porá o tema no coñecemento desta;
- cando as universidades reciban algunha queixa ou reclamación que sobrepase as súas funcións ou os medios dos que dispón para dar unha solución, poderá dirixirse ao Valedor do Pobo solicitando asesoramento ou recomendar ao interesado que dirixa a queixa directamente ao mesmo;
- se aborden conxuntamente varios temas de índole xeral que atinxen ás universidades, como as probas de selectividade do SUG, para que se adapte o calendario destas probas ao do curso universitario (No Anexo II reproducécese o texto do Convenio).

■ Rede de Valedores/Provedores do Estudante da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Esta rede constituíuse nun encontro celebrado recentemente (24/05/2019) na Universidade de Vigo, no que os provedores das universidades portuguesas de Minho, Porto e Tras os Montes e Alto Douro, e os Valedores do SUG asinaron un Protocolo de colaboración (Anexo II). A idea xa fora explorada uns anos antes, pero non se concretou ata agora debido principalmente á decidida vontade de colaborar amosada por todas as partes implicadas. O feito de formar parte da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e a existencia dunhas relacións e intercambios transfronteirizos cada vez máis intensos en todos os ámbitos e especialmente no que atinxe á educación universitaria, motivaron este acordo.

■ Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU)

O TG é membro fundador desta organización, creada o 26 de outubro de 2007, e que agrupa máis de setenta defensorías universitarias. A CEDU constitúese como o principal axente dinamizador no ámbito estatal deste colectivo ao promover diversas iniciativas, algunhas xa plenamente consolidadas e cunha periodicidade fixa, e outras de carácter conxuntural, asociadas a acontecementos concretos ou ligados á actualidade. Representado polo seu presidente, o TG

formou parte da Comisión Executiva da CEDU desde os seus comezos, intervindo de maneira activa no goberno e nas actividades da organización mediante publicacións, conferencias, manifestos, etc. Sirva como mostra un escrito elaborado polo defensor da Universidade de Vigo e dirixido ao Ministerio de Educación e Ciencia, onde se amosaba a preocupación dos defensores e as defensoras polo contido do Real decreto lei 14/2012 de 20 de abril publicado polo Ministro Wert en plena crise (AnexoII).

■ **European Network of Ombuds in Higher Education (ENOHE)**

Esta rede europea de defensores/as universitarios/as creouse en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam, e está aberta a todas as defensorías universitarias de Europa, pero tamén poden formar parte dela outras defensorías non europeas. Dende hai máis dunha década convoca un encontro anual onde os seus membros debaten temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do espazo europeo de educación superior. O TG participa regularmente nestes encontros, e o seu presidente foi nomeado membro da súa Comisión Executiva (*Steering Group*) en maio do 2014 na 11th Annual Conference da ENOHE celebrada en Varsovia (Polonia).

■ **Red de Organismos Defensores de los Derechos Universitarios (REDDU)**

Desde o 4 de xuño de 2007 o TG forma parte como membro asociado honorario da REDDU, creada no ano 2005 e integrada inicialmente por universidades mexicanas, todas elas en calidade de asociados regulares. A súa estrutura contempla, ademais, as figuras de asociado honorario, asociado asimilado e observador, o que lle permite formar parte dela a un número elevado de defensores universitarios doutros países como España, Bélxica, Austria, Canadá, Australia, USA, así como de Latinoamérica. O TG participou regularmente nas súas actividades e eventos, colaborando na elaboración de estudos e informes relativos principalmente á promoción dos dereitos humanos e universitarios de nova xeneración.

■ **Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIIdU)**

En xuño de 2015, nun encontro bilateral celebrado na Universidad Politécnica de Madrid, entre representantes da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU) e da Red de Organismos Defensores de los Derechos Universitarios (REDDU), acordouse sentar as bases para crear e impulsar unha Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias. A fin de coordinar os citados traballos e continuar co proceso constituínte iniciado, créase en 2017 unha Comisión de Coordinación integrada por titulares de defensorías de distintos países, da que formou parte o presidente do TG. Finalmente, en setembro do 2018, na cidade arxentina de Córdoba creouse formalmente a RIIdU, e o presidente do TG foi nomeado o seu primeiro coordinador.

Ademais dun recoñecemento á institución e ao labor do TG, o feito de presidir unha organización internacional dedicada á defensa dos dereitos humanos no ámbito universitario é o resulta-



do dun éxito colectivo, cuxo principal protagonista é a Universidade de Vigo. Unha universidade que, sendo tan nova, está gañando a pulso un prestixio e unha proxección internacional merecida de todo eloxio. A todos nos incumbe, dende as nosas respectivas responsabilidades, seguir contribuíndo a acrecentar este legado e esta boa imaxe.



COMENTARIO E REFLEXIÓN FINAL

Como se dicía na presentación, esta memoria conmemorativa ten como principal obxectivo dar a coñecer a orixe, a natureza e as funcións atribuídas ao TG; e ao mesmo tempo informar das actividades levadas a cabo durante estes anos, que consistiron fundamentalmente na tramitación e resolución de expedientes, na realización de mediacións, consultas e recomendacións, na elaboración de estudos e informes e, finalmente, no fomento das relacións institucionais nos distintos ámbitos de interacción e colaboración (autonómico, nacional, internacional e transfronteirizo). Non foi fácil condensar nun só documento toda unha traxectoria, que aínda que curta no tempo (vinte anos non son nada en perspectiva histórica) foi notablemente densa en realizacións e obxectivos acadados. Procurouse facer un relato que fose variado, equilibrado, dinámico, representativo e axustado a uns feitos que se respectaron escrupulosamente.

Debido ás circunstancias que concorren nesta celebración, a elaboración desta memoria supuña tamén para o TG o seu último exercicio de transparencia e rendición de contas ante a nosa comunidade universitaria e ante o conxunto da sociedade, da que formamos parte, e á que temos a obriga de servir e informar. Intentamos ao longo destas páxinas facer balance de toda unha traxectoria e render contas do que se fixo, e tamén do que se deixou de facer, tendo como referente principal tanto as obrigas inherentes ao cargo como as promesas e compromisos formulados no momento de acceder a el.

En primeiro lugar, en concordancia coa natureza e funcións do cargo asumido, conscientes de formar parte dunha institución de garantías, procuramos actuar sempre co máximo respecto ao ordenamento xurídico, aos dereitos e liberdades das persoas, a súa dignidade e aos seus lexítimos desexos de mellora e calidade. Se ben as nosas actuacións comprenden a todas as persoas que forman parte da comunidade universitaria, era preciso ter en conta que a figura do *ombuds-person*, do valedor, do defensor (unha prolongación do tribuno da plebe romano), sempre se ocupou moi especialmente daqueles a quen, pola súa posición, resúltalles máis difícil facer oír a súa voz, ou non poden alzala o suficiente como para ser escoitada. O alumnado ocupou, neste senso, un lugar preferente na nosa axenda, ao considerarmos que constitúe a parte máis indefensa e vulnerable, a máis atomizada e desinformada no conxunto da nosa comunidade universitaria; sendo, por outra parte, a que dá sentido e razón de ser á institución da que formamos parte.

En segundo lugar, cómpre destacar que moitas das actuacións do TG ao longo destes anos estiveron moi condicionadas por circunstancias e contextos adversos e convulsos, motivados principalmente pola crise sistémica desencadeada a partir do ano 2008, e tamén por todo o proceso de adaptación ao Plan Bolonia. Estes dous feitos orixinaron un alto número de problemas, conflitos e disfuncións no conxunto do sistema universitario. As múltiples agresións e danos ocasionados pola fonda crise (perda de dereitos e prestacións, redución salarial, precariedade e incertidume no emprego, estrés...) orixinaron unha situación de conflito xeneralizado e de crispación. A transición ao modelo de Bolonia tamén orixinou centos de queixas e reclamacións, tanto de parte do alumnado como do PDI e do PAS; a falta de información, a improvisación e a incertidume foi unha constante durante moitos anos. Todo iso, unido a unha actitude cada vez máis reivindicativa e de denuncia, produciu un espectacular incremento nas actuacións do TG como consecuencia das numerosas reclamacións, queixas e consultas formuladas neste tempo.

En terceiro lugar, e partindo da premisa de que as sinerxías e a vontade de facer as cousas xuntos constitúen un requisito de boa gobernanza, procuramos contribuír a mellorar a confianza, a lealdade, a comunicación, a colaboración e a coordinación entre os distintos órganos e actores integrantes do sistema institucional da universidade. Somos vasos comunicantes e interdependentes dun mesmo sistema, non compartimentos estancos. En todas as nosas intervencións, incluíndo as comparecencias ante o Claustro, deixamos constancia da nosa perseveranza respecto dunha idea e obxectivo a acadar: mellorar o noso capital social. Fomos sempre proactivos, tomando a iniciativa á hora de concertar encontros e reunións con todas aquelas persoas implicadas –directa e indirectamente- no proceso de goberno, xestión e administración da nosa universidade. O alto número de entrevistas e conversas telefónicas mantidas durante estes anos dan fe de todo iso.

En cuarto lugar, considerando que as defensorías universitarias non deberían limitarse á mera xestión do conflito ou á supervisión do funcionamento do sistema universitario, senón que deberían tamén converterse en laboratorios e centros de estudo respecto da función do *ombuds-person*, así como de aqueles conceptos clave que lle son inherentes (conflito, consenso, valores democráticos, dereitos, gobernanza, mediación, negociación...), o TG soubo converter a profesión e a tarefa encomendada en obxecto de estudo, investigación e debate permanente. A organización ou participación en congresos, xornadas técnicas, seminarios, así como a elaboración e publicación de numerosas monografías, estudos e informes poñen de manifesto outra das realizacións características do TG.

En quinto lugar, e sendo conscientes de que vivimos en sociedades abertas, interdependentes e globalizadas, propuxémonos conectar e traballar en rede co resto das defensorías. Tal como se desprende do contido desta memoria, a potenciación das relacións institucionais e a actividade exterior do TG constituíu unha das súas realizacións máis salientables. Estas actividades estaban encamiñadas, por unha parte, a mellorar a imaxe do TG -e tamén da Universidade de Vigo- no exterior e, por outra, a reforzar a cooperación tanto no ámbito da nosa comunidade



como no ámbito transfronteirizo, español, europeo, iberoamericano e global. A opción por esta metodoloxía posibilitou unha maior información e coñecemento, un traballo en rede e unhas sinerxías que nos permitiron ser mellores no desempeño da nosa tarefa, nun escenario cada vez máis globalizado, multinivel e extremadamente cambiante e complexo; e posibilitou tamén – nun exercicio de solidariedade e cooperación cos nosos colegas- contribuír a espallar e consolidar esta institución de garantías dos dereitos universitarios noutras rexións do planeta necesitadas da nosa axuda e alento.

En sexto lugar, e partindo da idea de que nas sociedades actuais o que non se conta non existe, tratamos de acercar e dar a coñecer a institución do TG en todos os espazos e dependencias da nosa universidade a través da distribución periódica de trípticos, proxección de vídeos informativos nos monitores instalados nos centros, así como mediante a constante mellora e actualización dos contidos da páxina web. Tamén procuramos explicar e dar a coñecer a nosa institución á sociedade da que formamos parte a través dos medios de comunicación.

Este é o relato dun traballo colectivo levado a cabo por todas as persoas pertencentes ao TG; este é o noso exercicio de rendición de contas. Supervisamos actuacións; detectamos ilegalidades, malas prácticas, inercias e rutinas obsoletas e disfuncionais; recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; mediamos en situacións de conflito, sempre que fomos requiridos para iso; relacionámonos e traballamos cooperativamente cos nosos colegas no marco deste escenario global e multinivel. E estas foron as nosas verbas e conceptos chave: persoas, dereitos, legalidade, xustiza, racionalidade, respecto, supervisión, mediación, proposta, dedicación, profesionalidade e traballo en rede.

Non foi fácil xestionar conflitos en circunstancias tan adversas. Intentamos achegar calma e serenidade, solucións e arranxos, legalidade e xustiza, rigor e fiabilidade, sen renunciar xamais á imparcialidade, á independencia e á perseveranza. Nestes escenarios tan turbulentos púxose a proba ao TG, e quedou demostrada a súa utilidade para a consecución dunha boa gobernanza do noso sistema universitario. Por esta mesma razón consideramos que aqueles que, anos atrás, amosaban certas reticencias e escepticismo cara a esta institución, tiveron despois motivos para cambiar a súa percepción e valorar axeitadamente a función e razón de ser do TG.

Procuramos, en definitiva, non defraudar e corresponder á confianza en nós depositada. Pero resulta difícil acadar a perfección, por iso mesmo, e tras este exercicio de rendición de contas, queremos pedir desculpas polo que fixemos mal e tamén polo que deixamos de facer, polos erros que puidemos cometer e polas omisións ou indecisións que puideron producirse. Pedimos desculpas por non ter sido quen de acadar unha maior presenza nos campus de Pontevedra e de Ourense, ou por non concitar un maior interese e reclamo entre os sectores do PAS e do PDI, tal como reflicten as estatísticas destes anos; ou por non conseguir que se cumprira axeitadamente a normativa vixente en todo o referente á conciliación da vida familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo, en relación a cal o TG recibiu varias peticións de amparo e presentou varias recomendacións aos órganos universitarios con competencia na materia.



Pedimos perdón por non sermos, quizais, máis atrevidos e arriscados no que respecta á formulación de propostas e recomendacións, aproveitando esa posición estratéxica que ocupa o TG en canto conciencia crítica e observatorio independente e imparcial da vida universitaria. Consideramos que a indecisión ou a compracencia enterraron milleiros de sonos e oportunidades de cambio ao longo da historia da humanidade. Queremos expresar tamén a nosa frustración por aquelas situacións nas que, aínda recoñecendo que se cumpría a legalidade, quedamos coa dúbida de se esta concordaba ou non coa idea de xustiza.

No anexo II reproducécese na súa totalidade a última intervención do presidente do TG ante o Claustro, na que quedan reflectidas tanto as distintas actuacións que lle correspondeu levar a cabo ao TG durante estes anos, como a natureza e alcance das cuestións e propostas de cambio e mellora formuladas de xeito perseverante ante os representantes lexítimos da comunidade universitaria.



Anexo I. RECOMENDACIONES

■ RECOMENDACIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO A SEGUIR NO PROCESO DE RECLAMACIÓN E REVISIÓN DE CUALIFICACIONES DE MATERIAS DE GRAO E DE POSGRAO

O Tribunal de Garantías, tras constatar a existencia de reiterados problemas relativos ao procedemento a seguir para a reclamación e revisión de cualificacións tanto da materia Traballo de Fin de Grao (TFG) como doutras materias correspondentes as titulacións de grao, considera conveniente –e despois de facer as correspondentes consideracións- formular as seguintes recomendacións:

En primeiro lugar, e tal como se desprende das queixas recibidas, advírtese unha clara disparidade entre os centros no referente a normativas, criterios de valoración e procedementos seguidos en relación á materia TFG; circunstancia esta que engade un elemento de complexidade á hora de abordar esta cuestión no conxunto da Universidade. Nalgúns centros compróbase, ademais, que non se constituíron formalmente os órganos ou comisións específicas con competencias recoñecidas sobre a organización docente do TFG, incluíndo a relativa á designación dunha comisión de reclamacións ou dun novo tribunal avaliador, de ser o caso. En relación co anterior, obsérvase tamén que nalgúns casos tanto o tribunal como a comisión de seguimento do TFG (órgano ao que correspondería a eventual resolución de reclamacións), están integrados polos mesmos membros.

En consecuencia, e atendendo a estas consideracións, recomendamos que se faga un maior seguimento sobre estas actuacións, sen descartar a posibilidade de levar a cabo algunha modificación da normativa vixente en aras a corrixir as anomalías detectadas e acadar unha maior harmonización, precisión e claridade na xestión dos TFG.

Das reclamacións presentadas ante este Tribunal despréndese tamén que, en relación á composición dos devanditos tribunais e comisións dos TFG, suscitáronse dúbidas sobre o grao de parentesco e outras situacións de incompatibilidade entre algúns dos seus membros e os Directores/as Tutores/as dos TFG; situacións que, no caso de producirse, darían lugar a un caso de abstención ou recusación contempladas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de Procedemento Administrativo.

En relación a esta problemática –da que xa este Tribunal ten efectuadas algunhas advertencias- recoméndase unha aclaración detallada e por escrito respecto das situacións e casos de incompatibilidade e abstención que poden producirse nestes procesos de avaliación, reclamación e revisión de cualificacións da materia Traballo de Fin de Grao, e como consecuencia das relacións interpersoais do PDI; especialmente a baseada no motivo de “ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas interesadas...”, xa que é esta unha solicitude reiterada nas reclamacións achegadas a este Tribunal.

Vense suscitando tamén outro problema relacionado coa aplicación e viabilidade do artigo 18, pero neste caso no relativo á avaliación externa por parte doutra universidade, tanto dos TFG como doutras materias correspondentes ás titulacións de grao obxecto de avaliación continua. O problema radica na dificultade (por non falar de imposibilidade) á hora de proceder a unha revisión total da cualificación, xa que no caso dos TFG só se podería reavaliar a memoria pero non a exposición e a defensa: non resulta moi factible volver a realizar, por exemplo, a defensa do TFG perante un tribunal doutra universidade (o que representa a porcentaxe principal da nota final); e no caso das materias de grao só se podería revisar a parte correspondente ao exame final (se é que se realiza) e non a correspondente á avaliación continua.

Tras as consideracións anteriores, este Tribunal entende que estamos ante unha nova problemática derivada maioritariamente da aplicación dos criterios e esixencias inherentes ao Plan Bolonia. En consecuencia, este Tribunal recomenda iniciar un proceso encamiñado a axustar a normativa vixente ao novo escenario; proceso no que o Tribunal de Garantías estaría disposto a participar, entre outras razóns por corresponderlle a el valorar a posibilidade de promover a convocatoria dun tribunal cualificador doutras universidade.

■ RECOMENDACIÓN SOBRE O PROTOCOLO DE ACOSO ESCOLAR

O Tribunal de Garantías recibiu recentemente unha solicitude de intervención nun caso relacionado co acoso escolar. No período de información e de actuacións previas á incoación do correspondente expediente, o Tribunal comprobou que a Universidade de Vigo carece dun protocolo específico de actuación neste ámbito. Por iso, tras adoptar con urxencia as medidas necesarias para resolver a situación denunciada, considera agora necesario realizar unha recomendación para que se elabore un protocolo sobre o acoso escolar, que se constitúa como un instrumento xurídico de referencia para este tipo de situacións.

■ CONSIDERACIÓNS

1. A Universidade de Vigo dispón de normativa específica para o acoso por razón de xénero e o acoso laboral:

- O *Protocolo de actuación fronte aos conflitos interpersoais e acoso no traballo* xestiónase dende o Servizo de Prevención de Riscos Laborais. Aplícase aos conflitos de carácter laboral e só afecta o alumnado cando na situación está tamén involucrado un traballador ou traballadora da Universidade de Vigo.

- O *Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo* (aprobado polo Consello de Goberno o 24 de novembro de 2014 e publicado no DOG o 7 de xaneiro de 2015). Pretende previr e erradicar os comportamentos acosadores de carácter sexual e establece o procedemento para tramitar e resolver as denuncias formuladas polas vítimas. Xestiónase dende a Unidade de Igualdade.

Pero a Universidade de Vigo non ten normativa específica respecto ás situacións de acoso que se poidan producir no ámbito estritamente escolar/académico, no seo do sector cuantitativamente máis numeroso da comunidade universitaria: o estudantil. Trátase pois dunha importante carencia, que convén emendar o antes posible.

2. A Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e de participación da comunidade educativa (publicada no DOG o 15 de xullo de 2011) regula diversos aspectos da convivencia nos centros docentes non universitarios da comunidade autónoma de Galicia. Aínda que polo seu ámbito de aplicación esta norma non é extensiva á Universidade de Vigo, si pode constituír un útil instrumento de referencia, xa que regula de xeito específico as situacións de acoso escolar (no capítulo III do título III define o concepto e establece medidas para previr, detectar e tratar este tipo de situacións).

■ PROPOSTA DE RECOMENDACIÓN

O compromiso que a Universidade de Vigo ten cos dereitos de todas as persoas que integran a comunidade universitaria e o feito de que non se tolere nela ningún tipo de violencia fai que o Tribunal de Garantías, tal e como acordou na reunión que tivo lugar o 14 de decembro de 2016, lle formule unha **recomendación á Secretaría Xeral** para que se elabore un protocolo sobre o acoso escolar. Nel débense recoller todas as actuacións pertinentes, de carácter proactivo (medidas preventivas, que se anticipen aos posibles casos) ou reactivo (medidas correctoras, aplicables unha vez que a situación xa se produciu e que teñen a finalidade de solucionala), así como tamén o procedemento que permita tramitar e resolver as denuncias presentadas polas vítimas ou por persoas coñecedoras da situación.

■ RECOMENDACIÓN SOBRE A CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL DO PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Nos últimos anos o Tribunal de Garantías recibiu varias reclamacións por non aplicarse na Universidade de Vigo certos aspectos da normativa vixente sobre a conciliación da vida laboral e familiar. A recorrencia das queixas manifesta que non se lle deu a adecuada resposta á cuestión, malia que o TG tentou mediar nela e incluso elaborou unha recomendación en outubro de 2014 que lles enviou aos órganos competentes.

■ CONSIDERACIÓNS

1. A Universidade de Vigo ten dado probadas mostras da súa sensibilidade e preocupación pola conciliación laboral e familiar do seu persoal. Este compromiso concretouse en iniciativas

como o Campus Camp (coa que se pretende facilitar que o persoal coide os seus fillos/as entre 3 e 13 anos durante os períodos de vacacións) ou as escolas infantís dos campus de Pontevedra e de Ourense (para nenos e nenas entre 0 e 3 anos), que foron moi ben acollidas dende o comezo e tiveron unha gran repercusión social e mediática polo seu carácter pioneiro no sector público. Así mesmo, maniféstase nas normativas reguladoras de certos colectivos, que dedican epígrafes específicas á cuestión da conciliación (caso do capítulo XI do convenio colectivo vixente para o persoal laboral de administración e servizos) e dispoñen no seu articulado de medidas concretas.

2. Cómpre perseverar nesta liña de actuación e corrixir certas disfuncións que se detectaron nela para así satisfacer as necesidades e as demandas que o cadro de persoal da Universidade de Vigo manifesta neste ámbito. O problema adquire especial relevancia no II Convenio colectivo para o persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo, asinado o 24 de maio de 2007 e vixente desde o 28 de xullo de 2007 (un día despois da súa publicación no DOG).

O artigo 20 do citado convenio regulamenta as adscricións provisorias do persoal nos seguintes termos:

Por necesidades organizativas e dos servizos, así apreciadas pola Xerencia, poderán adoptarse para o persoal fixo da correspondente categoría profesional adscricións provisorias para o desempeño de funcións ou postos vacantes que posibiliten un cambio de quenda ou de localidade consonte os seguintes criterios ou prioridades:

- a) Cambio de quenda, de existiren varias solicitudes a prelación fíxase na seguinte orde: persoal do centro ou unidade, persoal do campus, antigüidade na categoría, antigüidade na Universidade de Vigo.
- b) Cambio de localidade, de existiren varias solicitudes a prelación fíxase na seguinte orde de antigüidade: na categoría, na Universidade de Vigo, na localidade de orixe.
- c) Para facer efectivo o cumprimento dos criterios de cambio de quenda e de localidade elabórase unha normativa de xestión no seo da comisión de política de emprego ou, no seu defecto, por acordo entre a Xerencia e o órgano colexiado de representación do persoal.
- d) Cando corresponda a categoría distinta, cubriranse consonte a normativa e as listaxes de agarda elaboradas no seo da comisión de política de emprego.

Non hai ningunha referencia á conciliación, aínda que habería que tela en conta atendendo ao que se postula no propio articulado do convenio, en concreto no artigo 46, en que se regula a adaptación da xornada: «A Universidade de Vigo asume o compromiso de, sen menoscabar as necesidades do servizo e a organización eficaz do traballo, adaptar o horario laboral dos traballadores/as afectados por razóns de garda legal e de conciliación da vida profesional coa persoal e familiar».

Xa que logo, apréciase certa contradición no texto pois, por unha banda, asúmese o compromiso de adoptar medidas que faciliten a conciliación e, pola outra, non se concretan en supostos e en casos específicos nos cales se poderían aplicar.

Tras detectar esta incoherencia, o TG envioulla á Xerencia por ser este o órgano competente para emendala. A resposta foi que as modificacións se incorporarían ao novo convenio que había que negociar. Pero o asunto estase a demorar (que se saiba, neste momento non hai negociacións abertas para elaborar un novo marco normativo) e ano tras ano prorrógase o anterior convenio sen introducir cambios na liña solicitada.

3. Esta situación é anómala, por canto o propio convenio establece no artigo 6 a obriga de aplicar as actualizacións retributivas e normativas que sexan pertinentes en cada exercicio:

[...] No caso de producírense durante o período de vixencia do convenio innovacións normativas en materia de universidades, lexislación xeral dos empregados/as públicos ou regulamentos universitarios con efectos modificatorios, directos ou derivados, sobre determinacións deste convenio aplicarase adoptándose o correspondente acordo no seo da comisión paritaria con expresión das cláusulas e das normas do convenio afectadas e do seu réxime substitutivo. Estes acordos serán inmediatamente executivos en canto teñan un alcance interpretativo ou aclaratorio; de teren contidos modificatorios do pactado e aplicables deberán someterse á aprobación dos órganos con funcións negociadoras.

Isto supón que hai que adaptar o seu contido ao establecido no artigo 100 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (DOG, 3 de xullo de 2013). Esta norma reguladora dos aspectos básicos das universidades galegas establece o seguinte no devandito artigo a propósito da conciliación da vida familiar e laboral do persoal de administración e servizos das universidades públicas:

1. As universidades do SUG prestarán especial atención ao dereito de conciliación da vida familiar e laboral do seu persoal de administración e servizos.

2. Ademais doutros dereitos recoñecidos legal e regulamentariamente e da aplicación das medidas concretas acordadas en cada universidade, o persoal de administración e servizos das universidades galegas terá os seguintes dereitos:

a) Terá preferencia na elección de quendas, sempre que sexa posible, quen teña ao seu cargo un fillo ou unha filla menor de 12 anos, ou precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo e non desenvolva actividade retribuída. Igual réxime aplicaráselle a quen teña ao seu cargo exclusivo e conviva no mesmo domicilio con familiar ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade que teñan recoñecido o grao 3 de dependencia (gran dependencia).

b) Obter flexibilización de horario en dúas horas no caso de familias monoparentais que se atopen nalguna das situación previstas na alínea anterior, sempre que sexa posible.

Atendendo a estas consideracións, o TG réalízalle a seguinte **recomendación** á Secretaría Xeral, á Xerencia e aos comités de empresa de Pontevedra e de Ourense do PAS laboral da Universidade de Vigo:

É necesario que a Universidade de Vigo afonde no desenvolvemento e na aplicación de medidas e de estratexias para facilitar que o seu cadro de persoal poida compatibilizar o traballo coa vida familiar e persoal. Trátase, xa que logo, de incidir nunha liña de actuación establecida e cunha andaina recoñecida. Neste sentido, recoméndase engadir o criterio da conciliación a aqueloutros que se valoran para realizar adscricións provisionais ou asignar de xeito provisional prazas vacantes das relacións de postos de traballo (RPT) dos seus cadros de persoal.

A implantación desta e doutras medidas de conciliación responde a un dereito recollido na normativa reguladora do SUG. Hai pois que activalo sen demoras. A inacción non pode prolongarse, amparándose nunha suposta negociación futura, pois non hai (que se coñeza) un prazo concreto nin un calendario de conversas e, o que é máis importante, o convenio vixente actualmente xa inclúe os mecanismos e os instrumentos axeitados para actualizarse nos termos que marquen as leis.

A Universidade de Vigo debe confirmar con novos feitos o seu acreditado compromiso coa conciliación da vida laboral, familiar e persoal de todos os seus empregados/as. O camiño está iniciado, pero convén non abandonalo.

■ **RECOMENDACIÓN PARA UNHA MELLOR DIFUSIÓN DOS RECURSOS E DOS PROGRAMAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FACER FRONTE A PROBLEMAS DE DISCAPACIDADE**

Con motivo dunha reclamación que se presentou no Tribunal de Garantías (TG) e da investigación que deseguido realizou esta defensoría para coñecer as circunstancias do caso, manifestáronse certos defectos ou anomalías no funcionamento da administración universitaria que cómpre corrixir.

Os feitos concretos son os seguintes:

- Primeiro: con data 07/06/2017 tivo rexistro de entrada no TG a reclamación dun estudante invidente da Universidade de Vigo en que denunciaba unha presunta discriminación pala súa discapacidade visual.
- Segundo: con data 12/06/2017 o TG incoou o expediente 11/17 e acordou realizar diversas actuacións para obter información sobre as circunstancias do caso.
- Terceiro: tras a investigación realizada, o TG constatou que a Universidade de Vigo dispón das ferramentas axeitadas para facer fronte a problemas de discapacidade como os denunciados no presente caso: Programa de integración de universitarios con necesidades educativas especiais (PIUNE), protocolos de actuación onde se fixan as pautas de atención especial para

persoas con determinadas discapacidades etc. Con todo, a comunidade universitaria descoñece a súa existencia, o que resulta particularmente grave no caso dos equipos xestores dotados de capacidade decisoria e executiva. Esta carencia impídelle adoptar as medidas preventivas e reactivas necesarias para facer fronte aos casos que xurdan, coa frustración que iso ocasiona en todas as partes implicadas.

■ SOPORTE NORMATIVO

- Artigo 147.c dos Estatutos da Universidade de Vigo: «O TG no desenvolvemento das súas funcións, poderá: [...] xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento».
- Artigo 1 do Regulamento de réxime interno do TG: «O TG é o comisionado da Universidade de Vigo para defender e protexer os dereitos e os intereses lexítimos dos membros da comunidade universitaria. A súa finalidade fundamental é contribuír ao bo funcionamento da Universidade de Vigo».
- Artigo 3 do citado regulamento: «No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulándolles suxestións, propostas e recomendacións aos/ás responsables inmediatos dos servizos da universidade, aos/ás responsables máximos universitarios se a persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados [...].»

Tendo en conta os feitos sinalados e as atribucións que se lle outorgan na normativa xurídica mencionada, o TG acordou realizar a seguinte **recomendación**:

- Realizar unha maior e mellor difusión das normativas e dos recursos cos que conta a Universidade de Vigo para xestionar os problemas de discapacidade que poida ter calquera membro da comunidade universitaria.

Esta actuación permitirá:

- a) Cumprir coa normativa respecto á discapacidade.
- b) Mellorar a convivencia ao practicar unha política de integración de todos os membros dos distintos colectivos. As particularidades que poida ter calquera integrante teranse en conta como factor inclusivo, non exclusivo nin discriminatorio.
- c) Facer un uso máis eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles; constitúe unha mágoa que os haxa, pero que non se recorra a eles por descoñecer a súa existencia.

Neste sentido o TG propón realizar unha potente campaña informativa, que incluso podería ter carácter descontinuo, isto é, desenvolverse en varios períodos (conviría que un deles, ben intenso, fose ao comezo do curso académico para que as persoas que se incorporen á comunidade universitaria da Universidade de Vigo coñezan eses recursos). Conviría tamén estudar a conveniencia



de individualizala por colectivos xa que, aínda que todos deben ter coñecemento deles, resulta evidente que difiren no seu grao de responsabilidade e de competencia á hora de implantar esas medidas.

Por último, o TG tamén considera conveniente estudar a situación desta información na páxina web da Universidade de Vigo (nas condicións actuais resulta moi difícil atopala). Tendo en conta a importancia do seu contido, conviría facelo máis accesible, ben fose mediante un enlace ou un acceso directo de fácil localización, ben a través doutro sistema que se estime conveniente, pero que en calquera caso habería de axustarse ao criterio de máxima visibilidade



Anexo II. OUTROS DOCUMENTOS

■ COMUNICADO DE LOS DEFENSORES UNIVERSITARIOS ESPAÑOLES

La Ley de Reforma Universitaria de 1983 establece la figura del Defensor Universitario (DU), una institución que tras la aprobación de la LOU de 2001 se hace obligatoria para todas las universidades españolas, incluyendo las privadas. Conforme a la Disposición adicional decimo-cuarta de la LOU, la principal función del DU es “velar por el respeto a los derechos y libertades de los profesores, estudiantes y personal de administración y servicios, ante las actuaciones de los diferentes órganos y servicios universitarios”.

Así, pues, y conscientes de la misión a ellos encomendada, los Defensores Universitarios de España deciden expresar públicamente su preocupación en relación al proceso de reformas emprendidas por el Gobierno y que afectan al ámbito universitario. Especialmente preocupante resulta el Real Decreto-Ley 14/2012 de 20 de abril, particularmente en lo relativo al aumento de tasas y precios públicos de los estudios universitarios, al régimen de dedicación del profesorado y al procedimiento de creación, modificación y supresión de centros y títulos de enseñanzas universitarias. Esta inquietud y malestar está motivada tanto por la forma seguida en la elaboración de la norma, sin ningún contacto formal previo con las partes interesadas, como por el fondo, ya que los cambios legales afectan sustancialmente al modelo de universidad pública.

Consideramos que las emergencias que afectan al país, y que exigen urgentes reformas, ajustes y recortes, en modo alguno pueden justificar la quiebra de la autonomía universitaria o del autogobierno de las Comunidades Autónomas (CCAA); tampoco pueden justificar el recurso sistemático al decreto-ley, renunciando al sano ejercicio de una democracia deliberativa y participativa. Sin ésta no es posible construir proyectos compartidos y perdurables. La forma de gobernar y gestionar los asuntos públicos ha de asumir la complejidad de perspectivas, incorporando la diversidad de intereses contrapuestos y articulando mecanismos de diálogo y concertación. Esta exigencia se hace mucho más inexcusable cuando el contenido de las reformas tiene un carácter estructural, afectando a aspectos sustantivos de nuestro sistema universitario, y en el que están en juego unos derechos y prestaciones inherentes a nuestro modelo de Estado social.



Los Defensores Universitarios de España, en el legítimo ejercicio de su función de supervisión, mediación y propuesta, y en su afán de seguir contribuyendo eficazmente a la buena gobernanza de nuestro sistema universitario, hacen un llamamiento en favor de la inmediata recuperación de la democracia deliberativa, la concertación y el diálogo entre las partes interesadas (Gobierno, Oposición, CCAA, Universidades, Sindicatos, asociaciones estudiantiles y demás actores afectados). Sólo así se podrá hacer frente de manera responsable y exitosa al estado de emergencia que viven nuestras sociedades, y también nuestras Universidades; y sólo así los derechos y libertades de los miembros de la comunidad universitaria gozarán de una mayor garantía, evitando al mismo tiempo la precipitación, la imposición y el rechazo, lo que en definitiva deslegitimaría todo el proceso de cambio que las circunstancias demandan.

Madrid, 10 de mayo de 2012.

■ CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O VALEDOR DO POBO E OS COMISIONADOS UNIVERSITARIOS DE GALICIA (TRIBUNAL DE GARANTÍAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA)

En Santiago de Compostela, a 28 de maio de 2014

COMPARECEN

Dunha parte: Don José Julio Fernández Rodríguez, na súa calidade de Valedor do Pobo (en funcións), actuando en nome e representación desta institución, en exercicio das facultades conferidas pola Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 135, do día 14 de xullo do mesmo ano, e

Doutra parte: Don Argimiro Rojo Salgado, Presidente do Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, que asina por delegación do Reitor D. Salustiano Mato de la Iglesia, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 20 de febreiro de 2014; D. Miguel Alcaraz García, Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela, que asina por delegación do Reitor D. Juan J. Casares Long, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 6 de maio de 2014; e D. Enrique Martínez Ansemil, Valedor Universitario da Universidade da Coruña, que asina por delegación do Reitor D. Xosé Luís Armesto Barbeito, segundo a Resolución Reitoral de delegación de sinatura de data 19 de maio de 2014.

EXPOÑEN

O Valedor do Pobo e os Comisionados Universitarios acordan o presente Convenio de colaboración e prestación de servizos de interese mutuo.

A Universidade de Vigo, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña, de acorde co establecido no artigo 90 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario

de Galicia (SUG), teñen regulada a figura do Comisionado/a Universitario/a cuxas funcións, de acordo coa lexislación universitaria, consisten en velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, e cuxas actuacións van sempre dirixidas á mellora da calidade universitaria en todos os ámbitos.

O Valedor do Pobo e os Comisionados Universitarios consideran oportuno establecer este convenio en aras de fortalecer o desenvolvemento dos dereitos e liberdades fundamentais dos membros da Comunidade Universitaria do SUG, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Os Comisionados/as Universitarios/as trasladarán ao Valedor do Pobo aqueles asuntos nos que, polo seu contido, resulte necesaria a súa intervención.

SEGUNDA.- Os Comisionados/as Universitarios/ as poderán instar a actuación do Valedor do Pobo naqueles temas que, polas súas especiais circunstancias, aconsellen a intervención do mesmo, especialmente cando afecten ao conxunto do SUG.

TERCEIRA.- Nos supostos de queixas iniciadas de oficio polo Valedor do Pobo ou a instancias dalgún Comisionado/ a Universitario/a, o Valedor do Pobo informará aos Comisionados/as interesados das súas xestións e do resultado das mesmas.

Nos supostos citados, os Comisionados/as Universitarios/as gardarán sobre os mesmos a mesma reserva e confidencialidade que se esixe do Valedor do Pobo na súa normativa reguladora.

CUARTA.- Os anteriores puntos deben entenderse no bo sentido de que calquera membro da Comunidade Universitaria e ao amparo do disposto na Lei 4/ 1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, pode dirixirse directamente a este ao obxecto de suscitar aquelas queixas e peticións que estime conveniente para a defensa dos seus dereitos.

QUINTA.- O Valedor do Pobo e os Comisionados/as Universitarios/ as na tramitación de queixas referidas á Comunidade Universitaria, poderán solicitarse a mutua e recíproca colaboración cando estimen que iso pode contribuír á mellora, axilidade e eficacia das súas xestións.

SEXTA.- Cando o Valedor do Pobo ou algún Comisionado / a Universitario/a estime que pode terse producido simultaneamente a entrada dunha mesma queixa en ambas oficinas, porán o asunto en coñecemento da outra parte para verificar tal extremo e, de selo caso, coordinarse nas súas intervencións.

SÉPTIMA.- No marco do presente convenio e para a súa mellor concreción e eficacia, poderán establecerse reunións periódicas de traballo entre representantes designados polas partes.

OITAVA.- Os Comisionados/ as Universitarios/as e o Valedor do Pobo, comprométense a promover ou colaborar en actividades académicas, formativas e de difusión en relación coas Defenso-rías e o seu papel na sociedade á que prestan os seus servizos.



NOVENA.- Este convenio ten carácter administrativo e está sometido á xurisdición contencio-sa-administrativa. A súa sinatura non comporta obrigas económicas a satisfacer entre as partes.

DÉCIMA.- Os Comisionados/as Universitarios/as comprométense a difundir o contido e os termos deste acordo entre os membros das súas respectivas universidades.

UNDÉCIMA.- O presente acorde entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos, prorrogables de forma automática polo mesmo período, salvo denuncia expresa dunha das partes, que deberá ser comunicada cunha antelación mínima de tres meses ao prazo de vixencia do convenio ou, no seu caso, do vencemento de calquera das prórrogas, se a houbera.

En proba de conformidade, asínano o Valedor do Pobo, o Presidente do Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, o Valedor da Comunidade Universitaria da Universidade de Santiago de Compostela e o Valedor Universitario da Universidade da Coruña, no lugar e data arriba indicados.

■ PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE OS/AS PROVEDORES/AS DO ESTUDANTE E OS/AS VALEDORES/AS DAS UNIVERSIDADES DO SUG

Os Provedores do Estudante das Universidades de Minho (Paula Cristina Martins), Porto (Carlos Costa), Trás-os-Montes e Alto Douro (Mário Gonzalez Pereira) e do Instituto Politécnico do Porto (Berta Batista), pertencentes á Rexión Norte de Portugal, e os Valedores das Universidades da Coruña (Ana Tarrío Tobar), Santiago de Compostela (Miguel Alcaraz García) e Vigo (Argimiro Rojo Salgado), pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia (SUG),

Considerando que existen importantes similitudes en relación coa natureza e funcións dos seus respectivos órganos, aos que se lles encomenda a tarefa principal de defender e promover os dereitos e intereses lexítimos no ámbito universitario. Considerando que todos eles forman parte da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, un espazo e un territorio transfronteirizo e transnacional caracterizado por unha crecente cooperación, intercambio e mobilidade no ámbito da educación universitaria e da comunidade académica. Considerando, ademais, que a maioría das nosas universidades e institutos politécnicos xa forman parte de redes ou programas de intercambio e colaboración de ámbito eurorrexional. Considerando, por último, que a cooperación é un intercambio do que todas as partes se benefician,

ACORDAN establecer un protocolo de colaboración, coa finalidade de regularizar e dar continuidade no tempo ás súas relacións. Con isto preténdese facilitar o coñecemento e a comunicación entre os provedores do estudante e os valedores universitarios da eurorrexión, así como impulsar o intercambio de información e experiencias relacionadas co desempeño das funcións inherentes ao seu cargo.

Para o cumprimento destes propósitos, os provedores e os valedores comprométense a realizar, alomenos, un encontro anual e a designar un coordinador/a para o mesmo período de tempo. En ambos casos aplicarase o criterio da alternancia.

Como proba de conformidade, asinan este acordo:

Ana Tarrío Tobar (Universidade da Coruña)

Argimiro Rojo Salgado (Universidade de Vigo)

Berta Batista (Instituto Politécnico do Porto)

Carlos Costa (Universidade do Porto)

Mário Gonzalez Pereira (Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro)

Miguel Alcaraz García (Universidade de Santiago de Compostela)

Paula Cristina Martins (Universidade de Minho)

Vigo, 24 de maio de 2019

■ DISCURSO DO DEFENSOR UNIVERSITARIO ANTE O CLAUSTRO (3/12/2018)

Bo día e saúdos cordiais.

Os Estatutos da nosa universidade establecen que o defensor universitario dará conta anualmente, a través dun informe/memoria que presentará ante o Claustro, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías (TG).

En cumprimento desta normativa elaborouse o citado informe, que está a disposición de todos vostedes na documentación deste Claustro por se tivesen interese en consultalo. Nel recóllense todas aquelas actuacións relevantes levadas a cabo ao longo do ano 2017.

Trátase dun exercicio de transparencia e rendición de contas ante a comunidade universitaria, e tamén ante o conxunto da sociedade da que formamos parte e á que temos a obriga de servir.


No que respecta aos contidos, o informe estrutúrase en dous grandes bloques:

- O primeiro (constituído polos apartados 1 e 2) ten carácter introdutorio, xa que refire o marco normativo, conceptual e metodolóxico-funcional no que se desenvolve o TG.
- O segundo bloque expón polo miúdo a xestión do tribunal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2017:
 - O apartado 3 é o máis extenso porque dá conta da súa principal tarefa: incoar e tramitar expedientes tralas reclamacións e queixas presentadas.
 - No apartado 4 relaciónanse outras actuacións, non menos importantes, tales como consultas, mediacións, entrevistas ou recomendacións.
 - No apartado 5 infórmase sobre un importante ámbito de actuación que o TG está a potenciar nos últimos anos: as relacións institucionais e a actividade exterior.
 - No apartado 6 detállase o orzamento do Tribunal e a súa execución no ano 2017.

- No apartado 7 coméntanse algúns aspectos relevantes relacionados cos datos e cifras contidas no informe e fórmulanse algunhas reflexións e propostas en concordancia co anterior.
- Finalmente, no anexo recóllese a relación de recomendacións efectuadas no transcurso do ano 2017 e a composición do tribunal no mesmo ano.

Este é o contido desta memoria correspondente ao ano 2017. Dos seus datos pódense extraer algúns comentarios, reflexións e propostas.

1. No ano 2017 produciuse un lixeiro aumento do número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior (36 en 2017, 25 en 2016). Este feito pode considerarse totalmente normal e non debe causar alarma se consideramos as cifras rexistradas nos últimos anos, que se mantiveron sempre por riba do medio centenar.



2. No que atinxe á distribución por sectores, advírtese que a maioría dos expedientes refírense ao alumnado (75%), seguido a bastante distancia polo persoal de administración e servizos (17%) e polo profesorado (8%). Estas disparidades nas porcentaxes por sectores segue a ser moi similar á dos anos anteriores e coincide cos datos estatísticos do resto das defensorías universitarias españolas.

3. Na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, aínda que este ano acentúase máis a diferenza. Constátase, neste senso, un claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (67%), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense e de Pontevedra (cada un deles cun 17%).

4. Na división por sexos apréciase unha porcentaxe moi similar entre o colectivo masculino (un 50%) en relación co feminino (un 47%). O 3% restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ámbolos dous sexos.

5. Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no **sector do alumnado** están relacionados, en primeiro lugar e maioritariamente, coa reclamación e revisión de cualificacións, referidas na súa maioría a materias de grao.

O segundo motivo de queixa vén motivado pola desconformidade cos métodos de avaliación. Este tipo de queixas céntrase no incumprimento das guías docentes e na falta de claridade e rigor respecto da metodoloxía avaliadora utilizada; nuns casos por utilizar fórmulas excesivamente complexas e confusas e noutros por ser arbitrarias e improvisadas e carecer de soporte normativo tanto na guía docente como na normativa xeral vixente. Algunhas queixas puxeron ao descubierto prácticas ilegais nalgúns centros, como o non recoñecemento do dereito á revisión de exames parciais.

O terceiro motivo ten que ver coa avaliación curricular e co aprobado por compensación en relación coas titulacións en proceso de extinción e as dificultades de adaptación ao grao. Trátase dunha problemática que, por razóns obvias, cada vez ten menos incidencia pero que en anos anteriores especialmente relevante.

Outros motivos de queixa están relacionados con comportamentos inadecuados por parte do PDI (desconsideración, incumprimento coas responsabilidades de titorización de TFGs ou falta de rigor e precisión na formulación e enunciados de exames tipo test).

O TG prestou especial atención á reclamación dun estudante invidente na que denunciaba unha presunta discriminación pola súa discapacidade visual. Feitas as oportunas pescudas, constatouse que a Universidade de Vigo, se ben dispón das ferramentas axeitadas para facer fronte a situacións de discapacidade (como o PIUNE e outros protocolos de actuación), nalgúns casos as persoas responsables da súa aplicación descoñecen ditos recursos, o que impide aplicar os procedementos axeitados. Esta circunstancia levou ao TG, ademais doutras actuacións, a presentar unha recomendación coa finalidade de mellorar a difusión e coñecemento de ditos protocolos.

6. As reclamacións do **persoal de administración e servizos** (PAS) céntranse principalmente en cuestións relacionadas coas consecuencias derivadas da aprobación da última Relación de Postos de Traballo (RPT).

En relación con esta problemática resulta inevitable preguntarse por que houbo que esperar 16 anos para aprobar unha nova RPT e por que despois de tanto tempo non foi posible acadar un acordo entre as partes, o que houbo impedido a alta conflictividade e xudicialización producida. O TG, dentro das súas limitacións, levou a cabo distintas actuacións, instando ás partes e aos órganos implicados a dialogar e atender de forma axeitada e conforme a dereito as lexítimas demandas das persoas afectadas.

Outros motivos de queixa do PAS están relacionados coa denegación de permisos para a asistencia a congresos. Esta reclamación presenta a dúbida de se unha persoa pertencente ao colectivo PAS e que ao mesmo tempo posúe unha titulación universitaria na que desexa progresar, ten ou non dereito a un permiso para participar en ditos eventos. Estudiado o caso, non se apreciou a vulneración de ningún dereito da persoa reclamante. Pese a iso, e a xuízo do TG, o debate podería manterse aberto co fin de explorar fórmulas alternativas.

7. Respecto ao **sector do profesorado** (PDI), conséntase que os motivos das súas reclamacións están relacionados, en primeiro lugar, con procesos de convocatoria e resolución de prazas; nuns casos co non recoñecemento de experiencia laboral nun concurso de profesorado asociado e noutros coa volatilidade dos criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva. Isto último orixinou outra recomendación do TG, na que se pedía manter certa estabilidade e permanencia en relación coa vixencia de ditos criterios de selección.

Tamén se recibiu unha queixa pola negativa a que se elaborasen guías docentes e demais escritos oficiais da Universidade de Vigo coas normas ortográficas e morfolóxicas da AGAL (Asociación Galega da Lingua/AEG). Sobre este tema, que non deixa de ser polémico nalgúns centros, o TG manifestou a súa posición no senso de que mentres a normativa vixente non sexa revisada en función do proceso (sempre aberto) de normalización do uso do galego, os escritos oficiais da universidade deben acatar o estipulado pola lexislación.

O Tribunal de Garantías considera que o respecto á legalidade vixente é un imperativo do Estado de Dereito que é preciso acatar. E iso é perfectamente compatible, e non entra en contradición, co principio de liberdade intelectual e de cátedra; nin tampouco impide o lexítimo debate técnico, tanto no ámbito académico como no social, sobre a cuestión suscitada.

8. Outra actuación con especial incidencia no ano 2017 é a relacionada coas **recomendacións e propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou queixas presentadas como das iniciativas promovidas polo propio TG. Tal como se indicou anteriormente, centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade: elaboración dun protocolo sobre o acoso escolar (que aínda non se concretou), criterios de selección nos procesos de concorrencia competitiva, conciliación da vida familiar e laboral (na que continuaremos teimando) e mellora no coñecemento e difusión dos protocolos e normativas da Universidade de Vigo para facer fronte a problemas de discapacidade.

Cómpre insistir que os órganos destinatarios das recomendacións teñen a obriga de dar conta ao TG da súa recepción, viabilidade e, de ser o caso, do seu estado de execución, o que permite facer un seguimento puntual das propostas formuladas. A Secretaría Xeral é a nosa principal interlocutora nesta orde de cousas, por iso mesmo queremos deixar constancia da necesidade de seguir colaborando estreitamente, tal como se veu facendo de xeito exemplar nos últimos anos.

9. Comprácenos informar tamén que no ano 2017 a Unidade de Igualdade solicitou ao TG apoio económico para a realización dun informe sobre *Diagnose do acoso sexual e por razón de sexo na*

Universidade de Vigo. O TG respondeu axiña, acordando colaborar cunha achega económica de 4.000 euros. E fixémoslo así porque consideramos que esta temática é absolutamente prioritaria e precisa a máxima implicación de todas e todos nós.

Parabéns pola iniciativa e polo traballo ben feito ao Servizo de Igualdade, ás autoras do informe e ao conxunto da Universidade de Vigo, que dá así un paso máis para converterse en referente de igualdade e respecto aos dereitos e liberdades das persoas.

10. Neste apartado de rendición de contas cómpre sinalar as **entrevistas** mantidas con persoas da nosa comunidade universitaria que de xeito informal e espontáneo diríxense e comunícanse coa defensoría. Nuns casos para pedir información ou asesoramento, unha axuda que prestamos principalmente ao alumnado e que consideramos de moita utilidade. Noutros casos para expresar a súa opinión ou inquedanzas sobre diferentes aspectos que atinxen á realidade universitaria. O TG debe informar e este Claustro de cal é o seu contido, para que logo poidan ser tomadas en consideración e atendelas convenientemente.

Algunhas inquedanzas veñen motivadas polo incremento do uso indebido das novas tecnoloxías, que dá lugar a casos de plaxio, copia, acoso e indisciplina nas aulas. Algúns acontecementos recentes deberían alertarnos sobre esta problemática e nalgúns centros deberíanse reforzar as medidas de prevención e control para evitar a reiteración de casos de copia, por exemplo. Aceptemos dunha vez por todas que o uso indebido das novas tecnoloxías é unha ameaza e un desafío que temos que afrontar.

Hai outra preocupación que de ningún modo debe ser ignorada. Referímonos á necesidade de cumprir coa normativa vixente en todo o referente á conciliación da vida familiar e laboral do persoal da Universidade de Vigo; unha demanda en relación a cal o TG recibiu varias peticións de amparo. Ademais de presentar esta cuestión de xeito reiterativo ante a Xerencia anterior, o TG presentou nos últimos anos dúas recomendacións: unha en outubro do ano 2014 e outra en marzo do 2017. Non tivemos moito éxito, pero seguiremos teimando na necesidade de atender convenientemente esta demanda.

Outro motivo de malestar ten que ver cos excesos producidos na celebración de festas nos campus. Sobre este asunto o TG xa se ten pronunciado en anos anteriores, deixando claro que determinadas practicas e comportamentos non só non encaixan coa natureza e funcións da universidade, senón que ademais afean e degradan a súa imaxe. Neste senso, queremos deixar constancia do noso apoio ás últimas iniciativas postas en marcha que van na dirección de poñer fin a ditos excesos. Consideramos que con firmeza e determinación, dialogando e razoando, podemos acadar unha solución satisfactoria.

11. Dentro das actuacións levadas a cabo polo TG debemos subliñar, por último, as actividades encadradas dentro do apartado das **relacións institucionais**. O conxunto de todas estas actuacións están encamiñadas a reforzar a cooperación, posibilitando así unha maior información e unhas sinerxías que nos permitan ser mellores no desempeño da nosa tarefa de defensores.

A o longo destes anos dedicamos tempo e esforzo en promover a creación de redes, tanto no ámbito do Sistema Universitario de Galicia (SUG) como no estatal, europeo, iberoamericano e global, defendendo e explicando a idea a través de publicacións e intervencións en distintos foros (CEDU, REDDU, ENOHE). A creación da Rede Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RIDU) o pasado mes de setembro na cidade argentina de Córdoba e a elección do presidente do TG para presidila, representa dalgún xeito a culminación exitosa deste propósito. Supón tamén un recoñecemento ás nosas profundas conviccións nas potencialidades que encerra a figura do ombudsman e a determinación de traballar en rede, abrirse ao mundo e establecer cauces de cooperación con todas as defensorías.

Pero ademais dun recoñecemento á institución e ao labor do TG, o feito de presidir unha organización internacional dedicada á defensa dos dereitos humanos no ámbito universitario é o resultado dun éxito colectivo, cuxo principal protagonista é a Universidade de Vigo. Unha universidade que, sendo tan nova, está gañando a pulso un prestixio e unha proxección internacional merecida de todo eloxio. A todos nos incumbe, dende as nosas respectivas responsabilidades, seguir contribuindo a acrecentar este legado e esta boa imaxe.

12. Sras e Sres Claustrais. Este é o noso exercicio de rendición de contas. Supervisamos actuacións, mediamos en situacións de conflito, escoitamos, informamos, alentamos e afoutamos, recomendamos, advertimos, suxerimos e promovemos cambios e melloras; traballamos, ademais, de xeito coordinado e cooperativo cos demais defensores no marco deste escenario global e multinivel.

Este é o relato dun traballo colectivo levado a cabo por todos os membros do TG, aos que quero dar as grazas pola súa dedicación e profesionalidade. O meu recoñecemento a Ernesto Vázquez-Rey, Ana Martínez, Guillermo de Oca, Francisco Rey, Coral del Río e Sara Torres; tamén a Lola Pous, secretaria durante estes últimos anos e que hai uns meses causou baixa por xubilación, sendo ocupado o seu posto por Belén Priego Iglesias, á que damos a nosa benvida e desexamos se sinta a gusto entre todos nós.

Todas estas actuacións, en especial aquelas que acadaron un resultado satisfactorio, foron posibles grazas á colaboración de moitos de vostedes e tamén doutras persoas que xa non están neste escenario. A todas e todos moitas grazas.

A partires de agora, e como resultado das últimas eleccións, contamos con novas e novos interlocutores en relación coas funcións de representación, goberno, xestión e oposición. Dende esta tribuna o TG desexa darlles parabéns por ter merecido a confianza dos membros da comunidade universitaria. Teñen toda a lexitimidade para desempeñar a tarefa encomendada. Non nos defrauden. Nin o goberno nin a oposición.

Sr. Reitor, esa folgada maioría acadada (tan difícil nos tempos que corren) encerra unha clara mensaxe: o seu programa, modelo e ideario é o preferido pola comunidade universitaria e por unha serie de enunciados e promesas que vostede fixo: facer as cousas doutro xeito, máis diálogo e proxi-

midade, máis humanismo, apostar polos recursos humanos, mellorar as condicións de traballo para o persoal, dignificar a docencia, simplificar a burocracia, potenciar o Claustro, aproveitar tódalas potencialidades do TG. Aproveito para agradecerlle esa mención expresa no seu programa; grazas por esa deferencia e mostra de respecto e cortesía cara ao órgano que eu presido: xa era hora. Sr. Reitor, equipo de goberno, non nos defrauden, cumpran esas promesas e non esperen ao 2040.

Dentro do xogo democrático tamén precisamos dunha oposición artellada, visible, continuada, responsable e crítica, capaz de exercer esa función de contrapeso, control, proposta e alternancia. Neste marco, pódense defender todas esas *Ideas que suman*, tal como se dicía no slogan de campaña do grupo opositor.

O Claustro debe ser ese lugar de encontro, esa sede e expresión máxima do goberno democrático da nosa universidade, esa ágora e foro onde se debata, delibere, argumente e acorde. E sen esquecer que o paradigma democrático nos obriga a acadar acordos e consensos, aínda que estes sexan ásperos e só parcialmente satisfactorios. Potenciamos, recuperemos as potencialidades do Claustro, única maneira de evitar a deriva cara unha universidade xerencial.

Reiteramos a nosa vontade de colaboración con todas e todos vostedes. Tamén a nosa aposta por seguir reivindicando a cordialidade, o respecto, os bos modais, a proximidade, a afabilidade e o sorriso; e todo iso en harmonía e maridaxe coa calidade, o rigor e a excelencia. Sr. Reitor, pese ás dificultades e incompreensións, persevere nese propósito de manter o sorriso; saiba que me terá ao seu lado para recordarlle e dicirlle de cando en vez: *Smiling Through, Sourire Toujours, Sorrir*.

13. No marco deste paradigma de colaboración e lealdade permítanos suscitar ante o Claustro varios asuntos que afectan ao bo funcionamento da nosa institución universitaria, razón pola cal deberían ser obxecto dunha especial atención en adiante:

- a) No ano 2015 aprobouse a Lei de transparencia e bo goberno de Galicia. Como xa manifestamos noutras intervencións anteriores, as súas disposicións son aplicables ás universidades, polo que cómpre tomalas en serio e poñer en práctica os seus principios reitores: transparencia e rendición de contas, accesibilidade universal á información pública, non discriminación tecnolóxica nin lingüística respecto da mesma, e a súa reutilización en beneficio da sociedade.

Temos que felicitarnos porque nos últimos informes das universidades españolas, a Universidade de Vigo volve a ocupar postos destacados entre as consideradas transparentes, moi afastada das tipificadas como translúcidas e opacas. O noso portal de transparencia constitúe unha excelente carta de presentación e contamos tamén cun Regulamento de transparencia e acceso á información pública.

Agora ben, non podemos caer na compracencia, senón perseverar nesta nova cultura da transparencia, rendición de contas e bo goberno, o que nos obriga a todas e todos a ir interiorizándoa e practicándoa no día a día no contexto das nosas respectivas responsabilidades. Evitaremos así casos tan pouco edificantes como os rexistrados recente-

mente nalgunhas universidades do noso país. Presentásenos outro reto relacionado co anterior: facer compatible o principio de transparencia co dereito a protección de datos das persoas.

- b) Na Lei do sistema universitario galego dise que un dos obxectivos e fins do Sistema universitario de Galicia (SUG) é o fomento da cultura da solidariedade entre os membros da comunidade universitaria. Recoñecemos o esforzo que se está a facer neste eido e do que dá boa mostra a creación dunha Vicerreitoría de responsabilidade social, cooperación e internacionalización, a recente celebración dunhas xornadas sobre a cooperación universitaria ao desenvolvemento ante a axenda 2030, os programas de mentorización, etc....). Agora ben, cabe preguntarse se aínda podemos facer máis.

Consideramos que si, e neste senso propoñémoslle a creación dun “Premio Universidade de Vigo da cooperación e solidariedade”. Atrévanse, innoven, fomenten os valores, establezan este premio e fágano extensivo a calquera persoa de boa vontade e procuradora do ben para os seus semellantes, sexa ou non da universidade. Isto tamén contribúe a crear imaxe e proxectarnos na contorna e no mundo.

- c) A Universidade de Vigo acaba de aprobar a reforma dos Estatutos, a súa norma institucional básica. O TG quere manifestar, en primeiro lugar, o seu desexo de que o resultado final desta reforma signifique un perfeccionamento das nosas regras de xogo e unha mellora nos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria. En segundo lugar, o TG considera que temos agora unha magnífica oportunidade para, a través dunha nova normativa (regulamentos, instrucións), poder facer fronte a unha serie de problemas de carácter endémico detectados ao longo destes anos e dos que o TG vén dando conta a través de recomendacións e doutras actuacións. Entre eles destacaríamos os seguintes:

- Revisar, actualizar e precisar todo o relativo ao procedemento e aos órganos competentes para tramitar e resolver as revisións/impugnacións das cualificacións do alumnado, incluíndo a posibilidade de promover un tribunal externo doutra universidade, unha opción que na actualidade presenta serios problemas de viabilidade. Ocúpense a fondo desta cuestión, que tantos conflitos, reclamacións e custos de todo tipo ocasiona.
- Fixar unhas pautas xerais en relación ao procedemento a seguir respecto a aqueles estudantes que, por razóns suficientemente xustificadas, soliciten non acollerse ao réxime de non presencialidade e avaliación continua. Na actualidade cada centro xestiona esta cuestión de xeito autónomo, pero debería pensarse na conveniencia de establecer unha normativa básica e de carácter xeral.
- Seguindo coa reforma estatutaria, e polo que se refire á institución do Valedor/a universitario (esta é a nova nomenclatura utilizada), desexamos que acerten na elaboración do novo regulamento interno para adaptalo aos novos Estatutos. Respeten e



fortalezan a esta institución, cunha traxectoria consolidada nesta universidade e cun prestixio que vai máis aló das persoas que a representan. Un prestixio que se fundamenta sobre todo na natureza e nas funcións fixadas no seu día polo lexislador (a defensa dos dereitos e liberdades e a contribución á mellora da calidade universitaria nun sentido holístico e integral).

Estas atribucións fan deste órgano algo singular, único, diferente aos demais e cun espazo propio de actuación. Somos esa instancia de garantías, esa conciencia crítica, ese observatorio imparcial e insubornable, ese axente conciliador e con capacidade de iniciativa e de proposta sen límite. Todas estas atribucións son as que nos lexitiman e obrigan a suscitar ante todas e todos vostedes, ano tras ano, cuestións como as que hoxe acabo de expoñerlles.

Sras. e Sres. claustrais: ao mesmo tempo que lles desexamos unha lexislatura ateigada de satisfaccións polo traballo ben feito, pedímoslle teñan a ben tomar en consideración estas reflexións e propostas.

Moitas, moitas grazas a todas e todos. Infinitas grazas á Universidade de Vigo por darme e regalarme tanto ao longo destes anos; e por brindarme a oportunidade de poder corresponderlle coas miñas modestas achegas, tanto dende a Ciencia Política e da Administración como dende o Tribunal de Garantías. GRAZAS.



Anexo III. INTEGRANTES DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

O TG créase no ano 1999. Concretamente, foi na sesión do Claustro celebrada o 23 de abril dese mesmo ano cando se elixiu o primeiro Tribunal de Garantías e aprobouse o seu regulamento interno. Como xa se indicou anteriormente, os Estatutos da Universidade de Vigo encomendaron a función de defensa dos dereitos universitarios a un órgano colexiado, a diferenza do resto das universidades do estado español, que optaron por un órgano unipersoal.

O TG é elixido polo Claustro entre todos os integrantes da comunidade universitaria, por unha maioría de 2/3 e para un período de catro anos (agás no caso dos representantes do alumnado que é de dous), con posibilidade dunha reelección consecutiva. Como órgano colexiado, está integrado por nove membros: o defensor universitario que o preside, dous representantes do profesorado funcionario doutor, dous representantes do resto do persoal docente e investigador, dous representantes do alumnado e dous representantes do persoal de administración e servizos.

Ao longo destes vinte anos, e de acordo coa normativa da Universidade de Vigo, o TG foi renovándose periodicamente, o que permitiu que moitas persoas pertencentes á comunidade universitaria formasen parte del en representación do profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos. Neste anexo quérese lembrar e dar visibilidade a todas estas persoas que coa súa dedicación e competencia contribuíron a que o Tribunal de Garantías cumprise de xeito adecuado coas tarefas encomendadas, algunhas das cales foron relatadas nas páxinas anteriores.



- PDI-A
- PDI-B
- PAS
- ALUMNADO
- SECRETARÍA



LUIS ESPADA RE CAREY

Decembro 98 – xullo 2011



JAVIER PÉREZ GUERRA

Xuño 2001 – febreiro 2003



INMACULADA VALEIJE ÁLVAREZ

Xullo 2005 – xullo 2010



HELIODORO ÁLVAREZ CONDE

Xullo 2000 – febreiro 2003



ROSA GRAÑA COSTAS

Marzo 2004 – xullo 2011

PATRICIA ÁLVAREZ VÁZQUEZ

Decembro 1998 – xullo 2000

VÍCTOR CARDADOR GONZÁLEZ

Xuño 2001 – marzo 2004

RAMÓN ARAÚJO CASADO

Decembro 1998 – xullo 2011



VELJKA RUZICKA KENFEL

Xuño 2003 – marzo 2004



JAIME CABEZA PEREIRA

Decembro 2006 – xullo 2010



JESÚS DEL VAL GARCÍA

Xuño 2005 – febreiro 2007



Mª JESÚS CALLEJA CAZAUX

Novembro 2003 – marzo 2007

ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER

Xaneiro 1999 – febreiro 2000

BASTIÁN BARRAL PUGA

Xuño 2003 – marzo 2004



Mª CARMEN CABEZA PEREIRA

Marzo 2004 – xaneiro 2005



SANTIAGO GUEVARA JUNQUERA

Decembro 1998 – (.....)



ANTONIA MELÓN AMOR

Decembro 1998 – marzo 2004

JOSÉ PELETEIRO SALGADO

Decembro 1998 – febreiro 2000

JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA

Xullo 2000 – xuño 2001

DANIEL CASTAÑAL GARCÍA

Novembro 2004 – febreiro 2007

JORGE SOTO CARBALLO

Febreiro 2007 – xullo 2011



- PDI-A
- PDI-B
- PAS
- ALUMNADO
- SECRETARÍA



ARGIMIRO ROJO SALGADO
Xullo-2011



JOSÉ RÚAS ARAÚJO
Xullo 2011 – outubro 2013



ROBERTO IGNACIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
Decembro 2011 – decembro 2014



CORAL DEL RÍO OTERO
Maio 2016



FRANCISCO JESÚS REY LOSADA
Maio 2016



TERESA MOURÍN GONZÁLEZ
Xullo 2011 – xullo 2011



ROSA Mª –RICOY CASAS
Decembro 2011 – xullo 2014



SARA Mª TORRES OUTÓN
Decembro 2016



JAVIER PUGA ALONSO
Decembro 2011 – xullo 2015



ERNESTO VÁZQUEZ-REY FARTO
Decembro 2016 – xullo 2018



ANA BELÉN MARTÍNEZ PIÑEIRO
Xullo 2011



GUILLERMO DE OCA CANCELA
Xullo 2011



LOLA POUS MAS
Marzo 2007 – xaneiro 2018




BELÉN PRIEGO IGLESIAS
Xaneiro 2018

JOSÉ MIGUEL DIÉGUEZ RODRÍGUEZ
Novembro 2014 – novembro 2016

ROSALÍA CARRILLO PÉREZ
Decembro 2015 – decembro 2017

ANA MOSQUERA NARTALLO
Xuño 2016 – xuño 2017

Tribunal de Garantías (1999-2019)



LUIS ESPADA RECAREY
December 98 – July 2011



ARGIMIRO ROJO SALGADO
July 2011



VELJKA RÚZICKA KENFEL
June 2003 – March 2004



Mª CARMEN CABEZA PEREIRA
March 2004 – January 2005



JOSÉ RÚAS ARAÚJO
July 2011 – October 2013



ROBERTO IGNACIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
December 2011 – December 2014



CORAL DEL RÍO OTERO
May 2016



JAIIME CABEZA PEREIRA
December 2006 – July 2010



SANTIAGO GUEVARA JUNQUERA
December 1998 – (.....)



FRANCISCO JESÚS REY LOSADA
May 2016



TERESA MOURÍN GONZÁLEZ
July 2011 – July 2011



ROSA Mª –RICOY CASAS
December 2011 – July 2014



JESÚS DEL VAL GARCÍA
June 2005 – February 2007



ANTONIA MELÓN AMOR
December 1998 – March 2004



SARA Mª TORRES OUTÓN
December 2016



JAVIER PUGA ALONSO
December 2011 – July 2015



ERNESTO VÁZQUEZ-REY FARTO
December 2016 – July 2018



BELÉN PRIEGO IGLESIAS
January 2018



Mª JESÚS CALLEJA CAZAUX
November 2003 – March 2007



ANA BELÉN MARTÍNEZ PIÑEIRO
July 2011



JOSÉ MIGUEL DIÉGUEZ RODRÍGUEZ
November 2014 – November 2016



LOLA POUS MAS
March 2007 – January 2018



JAVIER PÉREZ GUERRA
July 2001 – February 2003



VELJKA RÚZICKA KENFEL
June 2003 – March 2004



Mª CARMEN CABEZA PEREIRA
March 2004 – January 2005



JOSÉ RÚAS ARAÚJO
July 2011 – October 2013



ROBERTO IGNACIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
December 2011 – December 2014



CORAL DEL RÍO OTERO
May 2016



JAIIME CABEZA PEREIRA
December 2006 – July 2010



SANTIAGO GUEVARA JUNQUERA
December 1998 – (.....)



FRANCISCO JESÚS REY LOSADA
May 2016



TERESA MOURÍN GONZÁLEZ
July 2011 – July 2011



ROSA Mª –RICOY CASAS
December 2011 – July 2014



JESÚS DEL VAL GARCÍA
June 2005 – February 2007



ANTONIA MELÓN AMOR
December 1998 – March 2004




SARA Mª TORRES OUTÓN
December 2016



JAVIER PUGA ALONSO
December 2011 – July 2015



ERNESTO VÁZQUEZ-REY FARTO
December 2016 – July 2018



BELÉN PRIEGO IGLESIAS
January 2018



Mª JESÚS CALLEJA CAZAUX
November 2003 – March 2007



ANA BELÉN MARTÍNEZ PIÑEIRO
July 2011



JOSÉ MIGUEL DIÉGUEZ RODRÍGUEZ
November 2014 – November 2016



LOLA POUS MAS
March 2007 – January 2018

PATRICIA ÁLVAREZ VÁZQUEZ
December 1998 – July 2000

ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER
January 1999 – February 2000

JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA
July 2000 – June 2001

JORGE SOTO CARRALLO
February 2007 – July 2011

GUILLERMO DE OCA CANCELA
July 2011

ROSALÍA CARRILLO PÉREZ
December 2015 – December 2017

VÍCTOR CARDADOR GONZÁLEZ
July 2001 – March 2004

BASTIÁN BARRAL PUGA
June 2003 – March 2004

DANIEL CASTAÑAL GARCÍA
November 2004 – February 2007

RAMÓN ARAÚJO CASADO
December 1998 – July 2011

ANA MOSQUERA NARTALLO
June 2016 – June 2017

JOSÉ PELETEIRO SALGADO
December 1998 – February 2000



TRIBUNAL DE GARANTÍAS

EDIFICIO FILOMENA DATO, 2.º andar
As Lagoas, Marcosende, s/n
36310 Vigo

 986 813 829 / 986 813 830

tgarant@uvigo.es

www.uvigo.gal